

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 1 de marzo de 2019**

Orde do día do Pleno ordinario que terá lugar o venres, 1 de marzo de 2019, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

[*Declaración institucional de apoio ás traballadoras e traballadores de Poligal-Narón](#)

Actas

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 1/2019, do 1 de febreiro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 29 de xaneiro de 2019 ata o 25 de febreiro de 2019.](#)

[3.- Toma de coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás Comisións Informativas e das modificacións efectuadas.](#)

[4.-Proposición da Presidencia sobre ratificación de resolucións da presidencia sobre recursos contencioso-administrativos contra acordos plenarios](#)

[5.-Proposición da Presidencia sobre o nomeamento de representante da Deputación na Axencia de Turismo de Galicia.](#)

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

[6.-Concesión da subvención nominativa á Federación de Libreiros de Galicia para financiar as "Feiras do Libro na provincia e a Gala do Libro Galego 2018" e aprobación do correspondente convenio.](#)

[7.-Concesión da subvención nominativa á Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario para financiar a "Programación do ano 2018" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.](#)

[8.-Concesión de subvención nominativa ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o "Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2019" e aprobación do correspondente convenio de colaboración.](#)

Comisión de Deportes e Mocidade

[9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Deportiva Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da participación en competicións deportivas durante o ano 2017.](#)

Comisión de Infraestruturas viarias, vías e obras provinciais e medio ambiente

[10.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2019, primeira fase.](#)

[11.-Desestimación das alegacións presentadas na fase de exposición pública da aprobación inicial do proxecto modificado nº 1 do de DP 1914 Mellora da seguridade](#)

[viaria na DP 1914 ao seu paso pola travesía de Bembibre PQ 21+860 ao 22+190 \(Val do Dubra\), código 18.1130.0002.0 incluído dentro do Plan de travesías 2018, 2ª fase, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de xuño de 2018 e publicado no BOP nº 129 do 9 de xullo de 2018 e ratificación do citado acordo.](#)

[12.-Aprobación da modificación dun proxecto promovido polo Concello de Laxe no marco da 2ª fase do Plan adicional ao Plan provincial de medio ambiente \(PMA\) 2016.](#)

[13.-Inadmisión das alegacións presentadas por V.F.P. en representación dos afectados polas obras incluídas no proxecto DP 0801 de Fraga ao Casal de Santa Marta de Babío por S. Victorio ampliación e senda, no P.K. 0+000 ao 0+790 \(Bergondo\).](#)

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

[14.-Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cariño para financiar renovación urbana de rampla do Castro e contorna.](#)

[15.-Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Lousame para financiar as obras de pavimentación de camiño en Cernande \(Lousame\).](#)

[16.-Aprobación do convenio de cooperación entre a Excm. Deputación da Coruña e o Concello de Curtis para cofinanciar a adquisición e obras de urxencia da casa da pintora María Antonia Dans para a creación dunha casa-museo.](#)

[17.-Aprobación da modificación do modelo de acordo adoptar polas entidades locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña e a modificación do modelo de convenio a subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e as entidades locais para a súa adhesión á Central de contratación da Deputación Provincial da Coruña, co fin de adaptalo á Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE/, de 26 de febreiro de 2014.](#)

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico

[18.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Beirarrúas na 2ª e 3ª Travesía Eusebio Bértoa Queijo”, do Concello da Laracha, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ Adicional 1/2018 co código 2018.2001.0660.0](#)

[19.-Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Reforma e acondicionamento da Rúa Outeiro Baixo”, do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+ 2018 co código 2018.2000.0279.0, e aprobación definitiva do investimento.](#)

20.-Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Cubrición da pista polideportiva en Mondego Fase I” do Concello de Sada, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 co código 17.2100.0069.0

21.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo para o financiamento da obra de “Pozo de bombeo nº2, Impulsión e colectores en Orto e Crendes”

22.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Laxe para o financiamento de “Mellora da eficiencia enerxética alumado exterior en rúas Rosalía de Castro, Vila Amparo e outras”

23.-Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades da “III ROMARIA GALAICO ROMANA - GALAICOI”

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

24.-Aprobación do informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao cuarto trimestre de 2018 na Deputación Provincial e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

25.-Aprobación da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administración Públicas en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución cuarto trimestre exercicio 2018 na Deputación Provincial da Coruña e no Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña, e do estado consolidado.

26.-Dación de conta do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014- 2018.

27.-Dación de conta do informe sobre recursos provinciais asignados a concellos e outras entidades locais da provincia, así como a entidades, persoas físicas ou xurídicas no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2018.

28.-Aprobación da proposta da Presidencia sobre o informe de resolución de discrepancias ao que se refire o artigo 218.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

29.-Dación de conta da liquidación do orzamento da Deputación provincial correspondente ao exercicio 2018.

30.-Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2018.

31.-Dación de conta do expediente de modificación de créditos 1/2019 de incorporación de remanentes, de aprobación pola Presidencia.

32.-Aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 1/2019.

33.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia número 6729 do 19/02/2019 pola que se nomea a comisión de control interno co fin de realizar a comprobación das operacións de recadación levadas a cabo polo Servizo de Recadación e polas oficinas de zona nos exercicios 2017 e 2018.

34.-Dación de conta dos resultados do Plan de control financeiro sobre as subvencións pagadas no exercicio 2014.

35.-Dación de conta do Plan parcial de control financeiro da deputación para o exercicio 2019, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2015.

36.-Dación de conta da acta da Comisión Liquidadora dos estados contables procedentes da recadación do exercicio 2016 (RP Núm. 14588/2017, do 8 de maio), realizada no exercicio 2017.

37.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia número 1213 do 15/01/2019, de cesamento de persoal eventual e da Resolución da Presidencia número 1214 do 15/01/2019, de nomeamento de persoal eventual.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial Popular a favor da igualdade

- Moción dos Grupos Provinciais de BNG-Asembleas Abertas, PSdG-PSOE, Marea Atlántica e Compostela Aberta, sobre o 8 de marzo

ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 1
DE MARZO DE 2019**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 1 de marzo de 2019, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO	PSOE
-------------------------------	------

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JUAN ALONSO TEMBRÁS	PP
D ^a PATRICIA BLANCO FIDALGO	PSOE
D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
D ^a . CLAUDIA DELSO CARREIRA	MAREA ATLÁNTICA
D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO	MAREA ATLÁNTICA
D. MANUEL DIOS DIZ	COMPOSTELA ABERTA
D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO	PSOE
D ^a ROCIO FRAGA SÁENZ	MAREA ATLÁNTICA
D ^a ANXELA FRANCO POUSO	BNG
D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
D ^a SUSANA GARCÍA GÓMEZ	PP
D. ANGEL GARCÍA SEOANE	AA.VV.
D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS	PP
D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
D ^a INÉS MONTEAGUDO ROMERO	PP
D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN	BNG
D ^a MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ	PP
D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS	PSOE
D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
D. XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG

D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D ^a M ^a GORETTI SANMARTÍN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN	PP
D ^a . TERESA VILLAVERDE PAIS	PP

Non asiste a Sra. Gallego Neira.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e doce minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Secretario

Hai unha declaración institucional asinada polos voceiros dos Grupos Alternativa dos Veciños, BNG-Asembleas Abertas, Compostela Aberta, Marea Atlántica, Partido Socialista de Galicia-PSOE e Partido Popular.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO ÁS TRABALLADORES E TRABALLADORES DE POLIGAL-NARÓN.

O conselleiro delegado de Poligal, Santiago Font, comunicaba na mañá do venres 22 de febreiro á representación social que se presentaba como novo Comité de Empresa electo nas últimas eleccións, que a compañía vén de solicitar concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Narón e, por tanto, co posíbel despedimento dos seus case 120 traballadores e traballadoras.

Poligal -que se dedica á fabricación de plástico para a industria alimentaria e laminación- foi o buque insignia das subvencións e dos famosos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra, ao abeiro das que recibiu suculentas axudas para mercar solo industrial, montar as naves e contratar persoal. E foi desde Narón de onde expandiu a súa actividade levantando fábricas en Portugal e Polonia, coas que agora ten que competir.

Foi a principios do 2006 cando a Dirección da Empresa de forma oculta comeza uns investimentos en Portugal, concretamente na localidade de Arcos de Valdevez. Tras meses negándoo a empresa acabou recoñecendo eses investimentos, asegurando que serían complementarias e afirmando novos investimentos en Narón. Dentro destes investimentos están a ampliación da nave cara a parte de atrás onde albergaría unha nova liña de produción de “cast”. Para iso solicitou subvencións apoiándose no Plan Ferrol acadando así as seguintes subvencións:

Un total de 3.154.270 € que equivalía ao 27,45% do orzamento financiábel (REINDUS 2007 e 2009) máis os 508.750 € do IG100 a fondo perdido ao remate do investimento.

No 2008, solicita de novo unha axuda ao Plan Ferrol para a renovación da Liña 1 de produción, concedéndolle 922.720 € dun orzamento financiábel de 2.742.400 €. REINDUS 2008.

A Empresa chegou a ter ingresado nas súas contas a contía de 4.490.960 € que tivo que devolver ao non desenvolver os investimentos.

Xa metidos no 2010, e coincidindo coa “Crise económica” como xustificaron algúns, entre eles a Dirección de Poligal, serviu de escusa para paralizar os investimentos, deixando só a construción da nova nave na parte de atrás da empresa pero sen maquinaria nin renovacións desta. A escusa, a crise.

Entón, ano tras ano a Empresa comeza en Narón un proceso de axustes e reorganización que levaron consigo a presentación de varios Expedientes de Regulación nos que nalgún caso a autoridade Laboral os tiran para abaixo e outros non chegaron a presentarse por falta de acordo. Así até a chegada da Reforma Laboral do 2010, onde as normas de xogo cambian drasticamente para a parte social.

A partir de aquí a empresa apoiada no sustento que lle daba a Reforma Laboral realizou un Expediente de Regulación de Emprego 2010-2011 que supuxo a suspensión de emprego para o cadro de persoal de 4 meses que se prorrogaron no 2011-2012 con outros 2 meses de suspensión.

A finais do 2012 e tras rematar os ERE's de suspensión, é cando na Empresa desembarca o que actualmente é o CEO do grupo Poligal e propón á parte social unha redución de 35 postos de traballo ou o peche. É entón cando se asina un Acordo Global con data 29/11/12 onde se acorda a extinción de 35 postos de traballo e un mes de suspensión para o resto a cambio dun Plan de Viabilidade contendo unha estabilidade laboral e investimentos que garantía o futuro da planta de Narón.

Pasa o tempo e a empresa inviste máis de 40 millóns de euros nunha nova fábrica en Polonia, Skarbimierz, e en Portugal montan a liña de cast. E a maiores anuncian na prensa a súa intención de seguir medrando, mesmo formulando mercar unha fábrica en México.

A empresa crea unha estrutura organizativa coa única finalidade de descapitalizar e deslocalizar calquera empresa en calquera momento.

Ante esta situación, todos os grupos políticos que compoñen a Corporación da Deputación Provincial da Coruña acordan:

1. Manifestar o seu rexeitamento ao peche da factoría de Poligal-Narón
2. Esixir ao grupo o mantemento da actividade.
3. Solicitar á Xunta de Galicia e ao Ministerio de Industria -
administracións que viñeron subvencionando a Poligal- o seu compromiso e implicación activa na solución deste conflito, que necesariamente, pasa polo normal funcionamento do centro de traballo de Narón e o mantemento do seu cadro de persoal.

Despois de lida a declaración institucional polo Secretario, o representante do Comité de empresa dirixe unhas palabras ao Pleno sobre o concurso de acredores de liquidación da fábrica de Narón.

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 1/2019, DO 1 DE FEBREIRO.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior número 1/2019, do 1 de febreiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DESDE O 29 DE XANEIRO DE 2019 ATA O 25 DE FEBREIRO DE 2019.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 29 de xaneiro de 2019 ata o 25 de febreiro de 2019.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS COA ADSCRICIÓN DOS/AS DEPUTADOS/AS ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS E DAS MODIFICACIÓNS EFECTUADAS.

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscripción concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, así como das modificacións efectuadas, todo isto en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

Con data do 26 de febreiro de 2019, a composición das comisións informativas é a seguinte:

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Cultura e Normalización Lingüística 17:00 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Mª Goretti Sanmartín Rei Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat	Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde Teresa Villaverde Pais	Bernardo Fernández Piñeiro José Luis García García José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela Mª Goretti Sanmartín Rei	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Deporte e Mocidade 17:30 h luns Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: Manuela Muñiz Souto	Juan Alonso Tembrás José C. Calvelo Martínez Andrés García Cardeso Mariel Padín Fernández Carlos Vázquez Quintián	Patricia Blanco Fidalgo Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Ánxela Franco Pouso Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia Delso Carreira	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade de Xénero 17:30 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidenta: Ánxela Franco Pouso Secretaria: Carolina Buhigas Jack	Juan Alonso Tembrás José Manuel López Varela Mariel Padín Fernández Luis Rubido Ramonde Carlos Vázquez Quintián	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Ánxela Franco Pouso Manuel Muiño Espasandín	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Promoción Económica e Emprego 18:00 h martes Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Luis García García Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Juan Alonso Tembrás José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Teresa Villaverde Pais	José Luis García García Juan V. Penabad Muras José M. Pequeño Castro	Xosé Regueira Varela Ánxela Franco Pouso	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO	PP	PSdeG-PSOE	BNG	MAREA ATLÁNTICA	COMPOSTELA ABERTA	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente 17:30 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: José Manuel Pequeño Castro Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	José A. García Cardeso Agustín Hernández Fdez de Rojas Inés Monteagudo Romero Manuel Rivas Caridad Teresa Villaverde Pais	Patricia Blanco Fidalgo Juan V. Penabad Muras José M. Pequeño Castro	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Contratación, Patrimonio e Equipamento 18:00 h mércores Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xesús Manuel Soto Vivero Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Juan Alonso Tembrás José C. Calvelo Martínez Susana García Gómez José Manuel López Varela Carlos Vázquez Quintián	José Luis García García Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Daniel Díaz Grandío	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico 17:30 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Xosé Regueira Varela Secretaria: Susana Rouco Penabad	José C. Calvelo Martínez Susana García Gómez José Manuel López Varela Mariel Padín Fernández Manuel Rivas Caridad	Patricia Blanco Fidalgo José Luis García García José M. Pequeño Castro	Manuel Muiño Espasandín Xosé Regueira Varela	Rocío Fraga Sáenz	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane
Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior 18:00 h xoves Semana anterior ao Pleno	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: M ^a José Vázquez Sesmonde	Susana García Gómez José Manuel López Varela Mariel Padín Fernández Manuel Rivas Caridad Luis Rubido Ramonde	Bernardo Fernández Piñeiro Antonio Leira Piñeiro Juan V. Penabad Muras	Manuel Muiño Espasandín Xesús Manuel Soto Vivero	Claudia Delso Carreira	Manuel Dios Diz	Ángel García Seoane

4.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE RECURSOS CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS CONTRA ACORDOS PLENARIOS

Apróbase por unanimidade a ratificación da inclusión da proposición na orde do día e a continuación apróbase, tamén por unanimidade, a seguinte proposición da Presidencia:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 34.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local [LBRL], atribúe ao Presidente da Deputación o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Deputación, mesmo nas materias da competencia do Pleno en caso de urxencia, dando conta ao mesmo Pleno na primeira sesión que celebre para a súa ratificación;

Polo tanto PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte aos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Ratificar, unha vez tomado coñecemento delas, as seguintes Resolucións da Presidencia desta Deputación:

- Resolución da Presidencia núm. 2785. do 28 de xaneiro de 2019, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 283/2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 dos da Coruña, sobre a modificación da relación de postos de traballo 2018;
- Resolución da Presidencia núm. 2786. do 28 de xaneiro de 2019, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 290/2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 dos da Coruña, sobre a modificación da relación de postos de traballo 2018."

5.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE O NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DA DEPUTACIÓN NA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.

Apróbase por unanimidade a ratificación da inclusión da proposición na orde do día e a continuación apróbase, tamén por unanimidade, a seguinte proposición da Presidencia:

"Don Valentín GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada, sen prexuízo da atribución xeral de representar á Deputación, conferida ao Presidente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local (LBRL, art. 34.1.b) e das delegacións específicas da Presidencia que circunstancialmente puideran facerse,

Resultando que o presidente da Axencia Turismo de Galicia e Conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia solicita a designación dun representante da Deputación Provincial da Coruña para a participación con voz e sen voto nas sesións do Consello Reitor da Axencia Turismo de Galicia,

En consecuencia,

PROPOÑO AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 56.4 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

Nomear representante da Deputación Provincial da Coruña no Consello Reitor da Axencia Turismo de Galicia ao deputado provincial, don Xosé Regueira Varela.

O deputado designado informará sobre o funcionamento do órgano no que participa en representación da deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo deste, sempre que sexa requirido polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico".

6.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA FINANCIAR AS "FEIRAS DO LIBRO NA PROVINCIA E A GALA DO LIBRO GALEGO 2018" E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa á Federación Libreiros de Galicia para financiar *as Feiras do Libro na provincia e a Gala do Libro Galego 2018*, por importe de **16.500 €**, cun orzamento subvencionado de 20.933,08 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de febreiro de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

" Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Libreiros de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das *Feiras do Libro na provincia e a Gala do Libro Galego 2018*

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a _____ en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a _____ en representación da Federación de Libreiros de Galicia.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Primeiro.- A Federación de Libreiros de Galicia é unha institución sen ánimo de lucro na que se integran 158 persoas asociadas.

Segundo.- A Federación de Libreiros de Galicia ten entre os seus fins o apoio e a promoción do libro e das librarías de Galicia.

Terceiro.- A Federación de Libreiros organiza anualmente, con carácter de exclusividade as Feiras do Libro.

A Gala do Libro Galego foi creada en 2016, polas 3 principais entidades asociativas do mundo do libro en Galicia, a Federación de Libreiros de Galicia (FLG), a Asociación Galega de Editoriais (AGE) e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Este ano corresponde a xestión á FLG.

Cuarto.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

Quinta.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao financiamento destes eventos, polo que no EMC nº 4/2018 aprobado polo Pleno desta Corporación con data do 8 de xuño de 2018, foi incluída unha achega de 16.500 €, en concepto de subvención nominativa á Federación de Libreiros de Galicia destinada a financiar as Feiras do Libro na provincia e a Gala do Libro Galego 2018.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto o presente Convenio de Colaboración, e acordan formalizar o presente convenio que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Federación de Libreiros de

Galicia con NIF: G15089410, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento das Feiras do Libro na provincia e a Gala do Libro Galego 2018.

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A Federación de Libreiros de Galicia desenvolverá as actividades programadas, consonte ao seguinte orzamento:

Actividades de animación		1.300,00
Materiais diversos para realización de actividades	600,00	
Actividades que vai realizar na Feira do Libro da Coruña	300,00	
Actividades que vai realizar na Feira do Libro de Rianxo	200,00	
Actividades que vai realizar na Feira do Libro de Santiago	200,00	
Promoción e difusión		1.000,00
Aluguer de casetas institucionais, tótems e mobiliario para a realización de actividades		9.500,00
Xestión e coordinación		3.000,00
Xurado e presentadora		3.050,00
Realización técnica do evento		3.083,08
Gravación multicámara do evento. Realización en directo para emisión en Vídeo transmisión (<i>streaming</i>). Canal YouTube	1.573,00	
Cobertura fotográfica do evento. Realización e edición de fotografías	605,00	
Preparación de proxeccións para pantalla fondo escenario	665,50	
Técnico para proxeccións	181,50	
Desprazamento	58,08	

Total **20.933,08 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **16.500 €**, o que representa unha porcentaxe do **78,82261 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,82261 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación de Libreiros de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Federación de Libreiros de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación de Libreiros de Galicia, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación de Libreiros de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación de Libreiros de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Federación de Libreiros de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Federación de Libreiros de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de se a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2018, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación de Libreiros de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de abril de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación de Libreiros de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación de Libreiros de Galicia da sanción que, de conformidade co

disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación de Libreiros de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Federación de Libreiros de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Federación de Libreiros de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Federación de Libreiros de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación de Libreiros de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación de Libreiros de Galicia poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación de Libreiros de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación de Libreiros de Galicia serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación de Libreiros de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado desde o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2019 autorice o correspondente orzamento.

2.- Coa solicitude previa da Federación de Libreiros de Galicia, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, cos informes preceptivos previos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado este convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.-CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á REAL ACADEMIA GALLEGA DE BELLAS ARTES DE NUESTRA SEÑORA DEL ROSARIO PARA FINANCIAR A "PROGRAMACIÓN DO ANO 2018" E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **18.000,00 €**, á Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario para cofinanciar a *Programación cultural do ano 2018*, cun orzamento subvencionado de 80.200,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de febreiro de 2019.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Programación cultural do ano 2018.

Na Coruña,

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación do (Concello/entidade _____)

MANIFESTAN

Que ambas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

A Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario fundouse por Real decreto do 31 de outubro de 1849. A súa finalidade primordial é o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma de Galicia. Os estatutos vixentes foron aprobados por Decreto 141/2004, do 25 de xuño.

Nos fins da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* resaltan o estudo, salvagarda e promoción das artes e, por conseguinte, do patrimonio cultural galego. Funcións especificadas nos seus estatutos e desenvoltas a

través dos plenarios e en actividades, polos académicos numerarios, de honra e correspondentes, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio nas seccións de Pintura, Gravado, Arquitectura, Arqueoloxía e Museoloxía, expertos nas Artes e Artes da Imaxe.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* (CIF: Q1568002H), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programación cultural do ano 2018*.

Este ano centrarase prioritariamente en aspectos organizativos, tales como, a catalogación de fondos académicos, a celebración de comisións, sesións, informes e peritaxes, impresión de materiais e páxina web, a conservación do patrimonio artístico académico, actividades culturais, conferencias, cursos e material de difusión e publicacións.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Reparacións e conservación	6.200,00
Servizos concertados-profesionais	12.000,00
Primas de seguros e sistemas de seguridade	8.300,00
Servizos bancarios	500,00
Subministracións- teléfono	700,00
Material e gastos de oficina	3.000,00
Asistencia a sesións académicos	14.000,00
Gastos de correo e outros diversos	1.000,00
Conferencias, concertos e actos culturais	2.200,00
Protocolo	1.900,00
Páxina web	1.000,00
Persoal-soldos e salarios	22.000,00
Seguridade social	7.400,00
Total	80.200,00

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **22,44 %**.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **22,44 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* obteña para a mesma finalidade.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2018.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2018**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de abril de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Bellas Artes Nosa Señora do Rosario queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario* será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2019** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2018.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.-CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA PARA COFINANCIAR O "PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA ORQUESTA SINFÓNICA DE GALICIA NO ANO 2019" E APROBACIÓN DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **1.500.000,00 €**, ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2019*, cun orzamento subvencionado de 2.010.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de febreiro de 2019.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Consorcio para a Promoción da Música polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2019*.

Na Coruña,

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio para a Promoción da Música.

EXPOÑEN

1.- Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Consortio para a Promoción da Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2.- Que o Consortio para a Promoción da Música ten por obxecto, entre outros, a promoción da cultura a través da música, o aumento do número de sectores cidadáns que teñen acceso á música de calidade e a mellora do ensino musical e a formación das novas xeracións para a interpretación, o coñecemento e o acceso a esta modalidade artística nas súas distintas manifestacións.

3.- Que, para conseguir estes fins o Consortio xestiona a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Nova, a Orquestra de Nenos e os coros, cuxa sede está na cidade da Coruña, mais, grazas á ampliación das vías de colaboración estase a traballar na ampliación das actividades noutros concellos.

No mes de agosto a OSG terá unha colaboración especial coa cidade de Betanzos con motivo do 800 aniversario da cidade e seguirase traballando con concellos como Carballo, Melide, Rianxo, Culleredo, Arteixo e Vimianzo para organizar concertos en función da dispoñibilidade de espazos e auditorios.

O ciclo SonFuturas promesas, organizado no Centro Ágora da Coruña, trasladarase a outras cidades da provincia.

4- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

5.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece o labor cultural que vén desempeñando o Consortio para a Promoción da Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención labor cultural que vén desempeñando o Consortio para a Promoción da Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquestra Sinfónica de Galicia no ano 2019.

6.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas as dúas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consortio para a Promoción da Música**, con CIF: P6503001G, fixando as condicións que se

impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2019**, que se indica deseguido:

1. Tempada da OSG na Coruña:

20 concertos do aboamento venres: 11 e 18 de xaneiro, 1 e 22 de febreiro, 15, 22 e 29 de marzo, 5, 12 e 26 de abril, 3, 10, 17, 24 e 31 de maio, 7 e 13 de xuño, 4, 18 e 25 de outubro.

9 concertos do aboamento sábado: 12 e 19 de xaneiro, 2 de febreiro, 16 de marzo, 6 e 13 de abril, 11 de maio, 14 de xuño, 5 e 26 de outubro.

Concertos extraordinarios: datas a determinar.

Orzamento: 1.430.580 €

2. Actividade da OSG na provincia da Coruña:

1 concerto en Santiago: 2 de maio.

6 concertos en Ferrol: 5 e 21 de febreiro, 28 de marzo, 16 de maio, 6 de xuño, 10 de outubro.

1 concerto en Betanzos: 22 de agosto.

Concertos extraordinarios noutras cidades da provincia: datas a determinar.

Orzamento: 300.000 €

3. Actividades da Orquesta Nova e da Orquesta de Nenos na provincia:

Orquesta Nova: 9 de xaneiro (A Coruña), 21 de abril (A Coruña), concertos en Ferrol e Narón a determinar.

Orquesta de Nenos: datas a determinar.

Orzamento: 117.900 €

4. Actividades dos Coros da OSG na provincia

Datas a determinar.

Orzamento: 114.070 €

5. Proxecto didáctico

14 actividades entre concertos en familia e concertos extraordinarios, oferta de prazas para colexios da provincia da Coruña.

Orzamento: 47.450 €

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Consorcio para a Promoción da Música.

O Consorcio para a Promoción da Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

- Soldos e salarios: reforzos, solistas e directores, músicos	789.725,00
- Seguridade Social	210.100,00
- Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras,	447.680,00

autobuses, taxis, dereitos de autor	
- Reparación e mantemento instrumentos, afinación pianos	6.520,00
- Material oficina, programas man, publicidade, transporte	555.975,00
instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos -solistas e directores, gravacións vídeos, cintas e fotografías,, iluminación e son, cargas e descargas	
Total orzamento	2.010.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.500.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 74,627 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,627 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para a Promoción da Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para a Promoción da Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio para a Promoción da Música, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistenciais ou subministracións necesarias realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no 2018*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para a Promoción da Música.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Consorcio para a Promoción da Música do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2018.

* **Orzamento da entidade para o Exercicio 2019**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo xerente do Consorcio, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2019.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2019**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para a Promoción da Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xaneiro de 2020**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Consorcio para a Promoción da Música para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio para a Promoción da Música da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para a Promoción da Música.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Consorcio para a Promoción da Música terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para a Promoción da Música deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para a Promoción da Música serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para a Promoción da Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de marzo de 2020** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2019.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2020, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio para a Promoción da Música, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A SOCIEDADE DEPORTIVA NEGREIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DA PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS DEPORTIVAS DURANTE O ANO 2017.

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados (12 do PP, 7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica e 1 de Compostela Aberta)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE, BNG, Marea Atlántica e Compostela Aberta e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de febreiro de 2019.

2.- Conceder unha subvención nominativa á Sociedade Deportiva Negreira, por importe de **7.670,10 €**, para cofinanciar os gastos da participación en competicións deportivas durante o ano 2017, cun orzamento subvencionado de 18.959,97 €, de aprobar o correspondente convenio de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2019, autorice o correspondente orzamento.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Sociedade Deportiva Negreira polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento dos gastos da participación en competicións deportivas durante o ano 2017.

Na Coruña, o

REUNIDOS

D/Dna._____ en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna._____ en nome e representación da **Sociedade Deportiva Negreira**

MANIFESTAN

Que ambas as partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que a **Sociedade Deportiva Negreira** é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Sociedade Deportiva Negreira** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación Provincial da Coruña a prol da **Sociedade Deportiva Negreira** (CIF:G15139942), fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o cofinanciamento **dos gastos da participación en competicións deportivas durante o ano 2017.**

II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar a entidade beneficiaria.

A **Sociedade Deportiva Negreira** desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
MUTUALIDADE DE FUTBOLISTAS	5.471,00 €
DEREITOS DE ARBITRAXE	11.347,40 €
MATERIAL DEPORTIVO	359,76 €
MATERIAL DE IMPRENTA E DIFUSION	1.224,85 €
REPARACION E MANTEMENTO INSTALACIONES	556,96 €
Total	18.959,97 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **7.670,10 €**, o que representa unha porcentaxe do **40,45%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **40,45 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0612/341.1/481** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **Sociedade Deportiva Negreira** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle **á Sociedade Deportiva Negreira**

De conformidade co establecido no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorízase á **Sociedade Deportiva Negreira** para que poida concertar a execución total ou parcial das actividades obxecto da subvención con persoas socias da entidade, cando os servizos teñan que serlles encomendados pola súa especialización e idoneidade para o correcto desenvolvemento das actividades.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Sociedade Deportiva Negreira** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Sociedade Deportiva Negreira**

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao Club Noia Fútbol Sala despois de achegar ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **Sociedade Deportiva Negreira** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

.- Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

.- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

.- No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira rematan o 31 de decembro de 2017

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Sociedade Deportiva Negreira** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2019**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento a **Sociedade Deportiva Negreira** para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Sociedade Deportiva Negreira** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Sociedade Deportiva Negreira** na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **Sociedade Deportiva Negreira** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devengue dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Sociedade Deportiva Negreira** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinará esta de oficio.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Sociedade Deportiva Negreira** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Sociedade Deportiva Negreira** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Sociedade Deportiva Negreira** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Sociedade Deportiva Negreira** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, este incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).

3.- *Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial reguladora do control financeiro de subvencións e dos procedementos de reintegro e sancionadores derivados (BOP nº 116 do luns, 22 de xuño do 2015).*

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Sociedade Deportiva Negreira** serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Sociedade Deportiva Negreira** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2019** e terá efectos retroactivos, xa que as actividades contempladas nel foron realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2019, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e desoís dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, tras os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

10.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2019, PRIMEIRA FASE.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2019, PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 7.899.525,98.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION DA OBRA	IMPORTE
19.1100.0001.0	GRUPO 1A ORTIGUEIRA	200.609,55
19.1100.0002.0	GRUPO 1B CARIÑO	214.894,48
19.1100.0003.0	GRUPO 2 MAÑON E AS PONTES	217.884,59
19.1100.0004.0	GRUPO 3 CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	245.276,30
19.1100.0005.0	GRUPO 4 FERROL E NARON	230.348,44
19.1100.0006.0	GRUPO 5 MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	241.305,01
19.1100.0007.0	GRUPO 6 ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA	130.796,39
19.1100.0008.0	GRUPO 7 CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME	282.837,46
19.1100.0009.0	GRUPO 8 IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR	271.426,11
19.1100.0010.0	GRUPO 9 OLEIROS E SADA	330.081,25
19.1100.0011.0	GRUPO 10 CAMBRE, BERGONDO E BETANZOS	306.192,69
19.1100.0012.0	GRUPO 11 ABEGONDO, CARRAL E OZA-CESURAS	310.824,32
19.1100.0013.0	GRUPO 12 ARANGA, BETANZOS, COIROS, CURTIS E OZA-CESURAS	344.535,44
19.1100.0014.0	GRUPO 13A FRADES, ORDES, OROSO E O PINO	137.086,89
19.1100.0015.0	GRUPO 13B BOIMORTO, MESIA E VILASANTAR	132.894,57
19.1100.0016.0	GRUPO 14 MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES	187.381,57
19.1100.0017.0	GRUPO 15 ARZUA, BOQUEIXON, O PINO E TOURO	262.174,84
19.1100.0018.0	GRUPO 16 ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO	397.066,34
19.1100.0019.0	GRUPO 17 CARBALLO, CERCEDEA E LARACHA	405.971,93
19.1100.0020.0	GRUPO 18 CABANA, MALPICA E PONTECESO	214.788,12
19.1100.0021.0	GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO	140.776,78
19.1100.0022.0	GRUPO 20.- CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	173.378,30

19.1100.0023.0	GRUPO 21 AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	224.437,30
19.1100.0024.0	GRUPO 22 ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	296.560,81
19.1100.0025.0	GRUPO 23 MAZARICOS, MUROS E OUTES	195.095,37
19.1100.0026.0	GRUPO 24 BOIRO, LOUSAME E NOIA	175.632,36
19.1100.0027.0	GRUPO 25 BRION, DODRO, PADRON E ROIS	244.910,61
19.1100.0028.0	GRUPO 26 AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA	307.312,79
19.1100.0029.0	GRUPO 27 BOIRO E RIANXO	154.762,70
19.1100.0030.0	GRUPO 28 POBRA, PORTO DO SON E RIBEIRA	450.439,06
19.1100.0031.0	GRUPO 34.- DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO	181.528,37
19.1100.0032.0	GRUPO 35.- CORISTANCO, SANTA COMBA E ZAS	99.331,77
19.1100.0033.0	GRUPO 36.- D.P.3404.- SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	190.983,47
	TOTAL	7.899.525,98

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante anuncio que se vai inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

11.-DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NA FASE DE EXPOSICIÓN PÚBLICA DA APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DO DE DP 1914 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1914 AO SEU PASO POLA TRAVESÍA DE BEMBIBRE PQ 21+860 AO 22+190 (VAL DO DUBRA), CÓDIGO 18.1130.0002.0 INCLUÍDO DENTRO DO PLAN DE TRAVESÍAS 2018, 2ª FASE, APROBADO POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN SESIÓN CELEBRADA O 29 DE XUÑO DE 2018 E PUBLICADO NO BOP Nº 129 DO 9 DE XULLO DE 2018 E RATIFICACIÓN DO CITADO ACORDO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1) Desestimar as alegacións presentadas na fase de exposición pública da aprobación inicial do Proxecto MODIFICADO Nº1 DO DE DP 1914 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1914 AO SEU PASO POLA TRAVESIA DE BEMBIBRE PQ 21+860 AO 22+190 (VAL DO DUBRA), Código 18.1130.0002.0 incluído dentro do Plan de travesías 2018, 2ª fase, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de xuño de 2018 e publicado no BOP nº 129 do 9 de xullo de 2018, tendo en conta os seguintes aspectos:

a) As obras recollidas no proxecto son compatibles con calquera outra que se pretenda realizar nos servizos soterrados existentes ou de nova implantación.

b) As actuacións propostas pretenden, mediante tres medidas fundamentais, mellorar a convivencia entre os peóns e os vehículos que aumenten a seguridade viaria da travesía:

- “Calmado” da circulación dos vehículos á entrada do treito de actuación dende Carballo mediante a execución dunha glorieta que obriga a unha redución da velocidade ao mesmo tempo que facilita os movementos de cambio de sentido amplamente empregados polos usuarios habituais de Bembibre.
- Mellora da visibilidade de cruce, eliminando os estacionamento nas proximidades das interseccións.
- Habilitación de máis espazos para os peóns, favorecendo a interrelación entre ambas marxes da travesía coa implantación, entre outras medidas, de pasos peonís en condicións de visibilidade axeitada.

2) Ratificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación provincial de data 29 de xuño de 2018 relativo á aprobación inicial do Plan de travesías 2018, 2ª Fase dentro do cal se incluíu o proxecto que a continuación se indica:

CODIGO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 0410/4531/60900	VALOR DE EXPROPIACIÓN (0620/4531/600)
18.1130.0002.0	MODIFICADO Nº 1 DP 1914 MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA DP 1914 AO SEU PASO POLA TRAVESIA DE BEMBIBRE PQ 21+860 AO 22+190 (VAL DO DUBRA)	413.173,19	3.187,25

3) Remitir o citado proxecto ao Concello de Val do Dubra para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos para incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2016-2019, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 29-07-2016 (BOP 144/1-08-2016)."

12.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DUN PROXECTO PROMOVIDO POLO CONCELLO DE LAXE NO MARCO DA 2ª FASE DO PLAN ADICIONAL AO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 3 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

1. Aprobar o proxecto modificado presentado polo Concello de Laxe, relativo á actuación que se detalla a continuación:

CONCELLO	EXPTE	ACTUACIÓN	FINANCIAMENTO		
			DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL
Laxe	2018000008911	Subministroación de equipamento para a recollida selectiva de residuos sólidos urbanos	7.072,01	0,00	7.072,01

2. Financiar a achega provincial por importe de 7.072,01 € do novo proxecto con cargo ao documento contable AD núm. de operación 220180032997, do 7.02.2019, da partida 0520/17221/76201 do orzamento para o 2019."

13.-INADMISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS POR V.F.P. EN REPRESENTACIÓN DOS AFECTADOS POLAS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO DP 0801 DE FRAGA AO CASAL DE SANTA MARTA DE BABÍO POR S. VICTORIO AMPLIACIÓN E SENDA, NO P.K. 0+000 AO 0+790 (BERGONDO).

INTERVENCÍONS

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, presidente, bos días aos compañeiros e compañeiras.

Queríamos facer uso da nosa posibilidade de falar neste punto antes de votación, respecto do seu contido e, sobre todo, tamén da súa tramitación, que afecta en certa medida, e xustifica a nosa abstención no punto anterior. En relación cos dous puntos subliñar que foron incluídos por urxencia, co voto favorable por unanimidade na Comisión de todos os Grupos na derradeira Comisión de Infraestruturas viarias. Eu tiveron a posibilidade de acceder á plataforma SUBTEL e, con total seguridade onte ás cinco e media da tarde, e esta mañá, no referente a este punto, aínda non estaban colgadas as documentacións destes expedientes. É certo que tiveron acceso, e teño que agradecer aos servizos técnicos da Deputación que facilitaran a documentación deste punto onte pola tarde, pero onte pola tarde non estaba colgada a documentación, iso en canto á tramitación. No expediente do Pleno unicamente está o acordo da Comisión Informativa coa abstención do Grupo Popular, que se abstuvo como consecuencia de que non coñecía o alcance e o contido do acordo que pretende a Deputación aprobar hoxe en Pleno. Iso en relación coa tramitación, que creo que non é un tema menor, posto que é evidente que cando votamos algo deberíamos de coñecer o alcance e o contido dos documentos que aprobamos.

En relación co contido si que me gustaría facer unhas observacións ao respecto da natureza do investimento do que estamos a falar, baixo a premisa de que teño claro, por razóns obvias, que cando unha administración, neste caso a Deputación, fai unha actuación de mellora dunha vía, obviamente é inevitable que existan afeccións privadas que loxicamente deben ter unha sensibilidade pero que en ningún caso poden priorizarse sobre o interese xeral que é o obxectivo de calquera administración, pero creo que neste caso houbo unha serie de cuestións nas tramitacións que, polo menos no referente ao Partido Popular, levan a posicionarnos en contra da aprobación deste punto.

Eu, se non teño mal a información, e non aparece mal reflectida a información de prensa, o día 16.11 saíu unha noticia en prensa respecto da visita do Sr. presidente, non sei se o presidente lembra, pero o presidente foi a Bergondo a presentar este proxecto. Esa presentación foi o día 15 de novembro de 2018, pero o que resulta curioso é que o proceso de información pública a que foi sometido este expediente efectuouse mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia do 10.10.2018, é dicir, que aparentemente cando a Deputación foi explicar este proxecto ao Concello, formalmente xa rematara o trámite de información pública, o único trámite de información pública, se non teño mal a información, a que foi sometido este expediente de estrada. É certo que no expediente que está para aprobación do Pleno aparece un informe do Servizo de Vías e Obras desta casa dicindo que a natureza deste expediente xustifica na aplicación do Regulamento da Lei de estradas que non se teña que someter a información pública, pero é unha cuestión potestativa, e creo, e dígoo sinceramente, que unha obriga das administracións é, cando menos, informar coa debida rapidez e coa debida transparencia aos veciños das actuacións que vai executar. Neste caso, e ademais aproveito para saudar a algúns veciños de Bergondo que están asistindo a este Pleno, creo que ese proceso de información, de transmitir a vontade da Deputación de mellorar unha estrada e dos impactos que esa mellora podería ocasionar nas diferentes propiedades, non foi cumprido cando menos coa debida garantía para que os veciños puideran alegar nese período de información pública que fixo a Deputación, volvo repetir, no Boletín do 10.10.2018.

Pero en todo caso o expediente que hoxe está aquí para aprobación no Pleno vén a adoptar un acordo que no seu contido o que reflicte é exactamente, para ser rigoroso, di "Inadmisión das alegacións presentadas por V.F.P. en representación dos afectados pola obra incluída no proxecto DP 0801 de Fraga ao Casal....", ben, e a inadmisión das alegacións, con todo eu na observación do expediente vexo que o que realmente presentaron os veciños foi unha solicitude de revisión de oficio e, polo tanto, creo que non debería tramitarse o expediente da forma que está formulada nestes momentos, posto que eu entendo que non se trata de desestimar unhas alegacións por ser presentadas fóra de prazo, senón que debería de analizarse o alcance, o contido, as repercusións, a procedencia desa solicitude deses veciños e tomar unha decisión en funcións dos informes que puideran recabarse.

Polo tanto, nós o que hoxe solicitamos é a retirada deste punto da orde do día para analizar o alcance e o contido real da petición dos veciños, eu creo que, insisto, sempre haberá afectados en calquera actuación de infraestrutura viaria, pero creo que a obriga de calquera administración é tentar acadar puntos de consenso, minimizar impactos e compatibilizar o lexítimo interese xeral co interese dos veciños e, polo tanto, nós é o que solicitamos, que se retire da orde do día, e senón nós xa

adiantamos que imos votar en contra, como consecuencia de que cremos que, cando menos, existen dúbidas respecto da tramitación deste punto. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Todos os deputados e deputadas saben que desde que cheguei a esta casa unha das miñas inquiredanzas máis grandes son as vías provinciais, o estado das vías provinciais, corredoiras provinciais, estradas de catro, cinco metros de ancho, que non teñen servizo para os peóns e que prestaron servizo décadas anteriores, pero cos tempos que corren non dan o servizo que os veciños demandan. Calquera estrada que se xacte de tal, que pase por núcleos poboados, debía de ter, como mínimo, doce metros de ancho, que é o que a Xunta de Galicia, por certo, impón aos concellos cando fai o plan, cando facemos un plan, a Xunta de Galicia do Partido Popular, imponnos que a calquera rúa mínima que se abra doce metros de ancho, para que?, un tráfico para cada lado e máis as beirarrúas de dous metros a cada extremo da estrada. Ben, pois isto que quere a Xunta de Galicia eu o veño demandando, e aquí tamén os deputados o queren, que pasa?, que farían falla moitos millóns de euros para que as estradas provinciais, os mil e pico de quilómetros de estradas que ten neste caso a Deputación, puideran ter eses servizos. Nós en Oleiros creo que somos un exemplo a seguir en toda Galicia e en parte de España. Hoxe Oleiros, cun montón de núcleos urbanos, está comunicado por sendas peonís por todo o municipio. Temos quilómetros de sendas peonís, sendas peonís unhas conqueridas directamente polo concello e outras conqueridas con outras administracións, Xunta ou Deputación, como estas dúas últimas que se fixeron de Santa Cruz a Mera, onde trescentas oitenta e seis familias cedéronnos o solo de cinco metros desa estrada cara os predios, para facer o carril-bici máis as beirarrúas, e no da Xunta de Galicia, que lles puxemos a disposición na estrada de Montrove cara a Oleiros, tamén cos veciños falamos e tamén deixaron cinco e seis metros de ancho para que a Xunta de Galicia puidera facer esta obra.

Hoxe, claro, todo iso chama a atención, veciños que pasan por aí din "isto é marabilloso", dino todos os veciños que pasan, de dereitas, de esquerdas, de centro e de marcha atrás, todos. Entón, eu o que non entendo é que unha comunidade de veciños, cando se lles vai facer un ben tan importante para a súa seguridade persoal, porque eu onte fun á estrada e iso é unha corredoiras de catro metros e medio de ancho en moitos sitios, cando se lles vai coller un metro e medio para facer un ancho de seis metros, paréceme grave. Paréceme grave e ao mellor aquí o que pode haber é unha, non desinformación, porque a Deputación publicou en novembro, como dicía o compañeiro do Partido Popular, publicouno en novembro, é obrigatorio, e despois por outro lado se hai un partido político que ten amigos nese municipio, a súa obriga tamén é dicirlle, "oe, saíu publicado isto, que ides facer?", pero non houbo nada nese momento, non houbo nada nese momento, vai o presidente da Deputación, expón o proxecto aos veciños, polo tanto, tamén hai comunicación directa, e agora que chegan as eleccións hai un problema tremendo porque vaise "roubar" aos veciños o terreo. No caso de Oleiros eu nunca paguei un centavo por ningunha ampliación, aquí a Deputación encima vai pagar o solo, aínda que sexa pouco, vai pagalo e vai facer o servizo.

(Abandona o salón a Sra. Padín Fernández).

Eu entendo que algo non funciona, ou está funcionando mal, ou interesadamente, para dicirlle aos veciños que esta obra non se pode levar adiante. A min pareceríame moi grave que hoxe aquí quedara sobre a mesa un asunto que foi tratado na Comisión informativa, si houbo información, e de feito eu intervín nesa Comisión informativa, e preguntei como era, a ónde ía, por que era, e antonte fun a ver, para vir a este Pleno, fun a ver a estrada. Polo tanto, se hai que falar con algún..., as obras cando se fan, un é o proxecto, e outra é que cando fas a obra a veces hai modificados, e pódense facer sobre a marcha se hai algunha zona que puidera haber algún inconveniente, pero non se trata de dicir que vaia pola dereita ou que vaia pola esquerda, non, ten que ir pola dereita e pola esquerda, primeiro unha fase e despois outra, as estradas non son nin de dereitas, nin de esquerda, as estradas son para circular os veciños, para camiñar os veciños e, ante todo, neste caso que estamos falando, para asegurar a vida dos veciños que pasan como peóns por alí, que son prioritariamente os que viven na zona, porque eu nunca pasei por alí na miña vida, excepto onte que fun a ver a estrada, e coma min miles de persoas que non temos que pasar por alí, porque quen vive alí son determinadas comunidades de veciños, que son os supostos beneficiarios.

(Abandonan o salón as Sras. Delso Carreira e Fraga Sáenz e o Sr. Díaz Grandío).

Polo tanto, se hai algún tema que ver, eu lle diría ao presidente da Deputación, se hai algo que analizar con algún veciño en concreto, porque hai algunha anomalía, que se falara, pero en obra, cando esteamos executando a obra, que é cando hai que ver ese problema, porque igual algún problema que se di que hai agora, ao mellor, cando esteamos en obra, nin o hai sequera.

Polo tanto, eu reafírmome no que votei na Comisión, reafírmome no que vou votar neste Pleno, e que obras coma estas había que facelas por toda Galicia, e por toda a provincia, neste caso esta Deputación, para mellorar a seguridade viaria dos veciños.

Sr. Presidente

Escoitados os portavoces do Partido Popular e Alternativa dos Veciños, hai que votar en calquera caso, segundo o Regulamento da Deputación a suspensión ou non deste punto, pola nosa parte entendemos que o expediente, temos que facer caso aos técnicos que informan o expediente, polo tanto imos pola nosa parte a votar continuar coa aprobación do punto, pero en calquera caso co compromiso de que levamos executados setenta quilómetros de sendas no que vai de lexislatura, onde nunca tivemos este tipo de problemas, a xente demanda este tipo de infraestruturas e estou convencido de que tamén en Bergondo, neste punto concreto, nesta parroquia, as demandan, porque como ben dicía Agustín eu estiven alí nesa presentación, e a xente quería as sendas, houbo algunha pregunta que outra no sentido que aludía agora Gelo, pero sen ningún tipo de problema groso que impedira continuar coas obras, como ben di Gelo, pódese someter a modificados, etc., pero en calquera caso, o compromiso meu e o compromiso do Goberno é que só faremos sendas onde se queira que se fagan. Polo tanto, creo que paralizar isto porque algúns se consideran afectados, que teñen todo o dereito do mundo, toda a lexitimidade do mundo para consideralo, creo que sería unha inxustiza, creo que debe de ser no marco adecuado do concello, no marco adecuado da asociación, no marco adecuado da parroquia,

onde teñen ademais a capacidade para reunirse e decidir se queren a senda ou non, e esta Deputación vai respectar a vontade da maioría dos veciños e veciñas e, polo tanto, neste caso imos continuar coa tramitación, se así o ve o Pleno desta Deputación, pero en calquera caso co compromiso de que se esa senda non se quere na parroquia, desta maneira, non se fará, non hai ningún tipo de problema porque, por desgraza, temos centos de sitios e de localidades onde esta demanda está formulada a esta Deputación.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Unha cuestión formal, si que tiña interese en que constara en acta que ás cinco da tarde de onte non había información no SUBTEL, tamén por alusións en certa medida, que hai moitas veces que pode ter razón o compañeiro Gelo respecto do traballo nas comisións, pero neste caso na Comisión non houbo ningún tipo de información respecto deste expediente, é normal, foi un expediente de urxencia, pero insisto, non estaba, e por último dicir que entendo que se está considerando o escrito que, á vista do expediente, formula unha revisión de oficio como unhas alegacións extemporáneas, e é o que se decide hoxe rexeitar, ese escrito, interpretando que é un escrito de alegacións presentadas fóra de prazo, porque eu, a información que teño, do propio expediente, é que o que solicitan os veciños é a revisión de oficio do acordo desta Deputación do 28.09.2018. Se iso o resolvemos porque hai ditames e a decisión dos funcionarios, como unha inadmisión de alegacións, entendendo que son alegacións, perfecto, pero gustárame que quedara constancia de que iso é así, que entendo que é o acordo tal e como está presentado ao Pleno.

Procédese a votar a proposta do voceiro do Grupo Provincial Popular sobre deixar o asunto sobre a mesa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 11 deputados (PP)

Votan en conta: 14 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 do PP, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico)

Seguidamente, procédese a votar o acordo:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 11 deputados (PP)

Abstéñense: 4 deputados (3 de Marea Atlántica e 1 do PP, por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presentes no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, acorda:

"Inadmitir por extemporáneas as alegacións formuladas por Vicente Fernández Perles en representación de titulares afectados polas obras contidas no proxecto DP 0801 DE FRAGA AO CASAL DE STA. MARTA DE BABIO POR S. VICTORIO AMPLIACION E SENDA, NO P. K. 0+000 AO 0+790 (BERGONDO), por entender que se deron os requisitos de publicidade establecidos no artigo 32 do Real decreto lexislativo 781/86 do 18 de abril e non presentarse as alegacións no prazo establecido, ratificándose por tanto a aprobación definitiva acordada polo Pleno en sesión celebrada o 28/09/2018."

14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARIÑO PARA FINANCIAR RENOVACIÓN URBANA DE RAMPLA DO CASTRO E CONTORNA.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cariño para cofinanciar as obras de Renovación Urbana de Rampla do Castro e Entorno cunha achega provincial de 119.960,26 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/432.1/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00000 % respecto dun orzamento de 149.950,33 euros e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE RENOVACIÓN URBANA DE RAMPA DO CASTRO E ENTORNO

Na Coruña, __ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da

presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Cariño**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Cariño considera de primeira necesidade as actuacións de Renovación urbana de rampla do Castro e entorno.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico, preténdese por parte do Concello realizar; por un lado a mellora de accesibilidade peonil do acceso, pois está moi deteriorado producindo esvaramentos e desprendementos; e por outro lado preténdese recuperar a memoria do lugar, pois esta singular rampla, pola súa situación visible desde moitos lugares, servía para que nel ese colocaran unhas marcas de cores vivos que indicaban os barcos que ían saír a faenar, para que os mariñeiros acudisen ao porto. Esta particularidade, única e orixinal, preténdese recuperar dun modo artístico mediante a execución dun mural deseñado por un artista cariñés (Ramil).

As obras solicitadas supoñen non só unha mellora en si, senón unha necesidade imperiosa para ao desenvolvemento da vida diaria dos habitantes do Concello e

consisten na realización das seguintes actuacións: Pretende rehabilitar e renovar unha rampla de acceso peonil que arranca na Estrada que vai ao Porto ata a Rúa do Castro de Cariño, situada na parte alta do casco urbano.

A actuación consistirá na renovación de pavimentos e muros, que serán dotados de murais con motivos acordes co entorno.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Cariño** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Cariño**, con CIF **P1509500C**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de Renovación urbana de rampla do Castro e entorno, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Arquitecto Bernardo Santiago Santiago **Nº colexiado 4218**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	104.139,41 euros
Gastos xerais 13,00%	13.538,12 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	6.248,36 euros

IVE (21%)
ORZAMENTO DE LICITACIÓN

26.024,44 euros
149.950,33 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 119.960,26 euros o que representa unha porcentaxe de 80,00000%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/432.1/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado**.
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

- 1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª e 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):
 - Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**
-

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado,

para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En

ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

15.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME PARA FINANCIAR AS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN CERNANDE (LOUSAME).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Lousame para cofinanciar as obras do *"PAVIMENTACIÓN de CAMIÑO EN CERNANDE"* cunha achega provincial de 56.989,63 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/153.2/762.01, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 71.237,04 euros e **validar as actuacións**, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LOUSAME POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN CERNANDE

Na Coruña, __ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D^a. _____, alcaldesa presidenta do Concello de Lousame,

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local. O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Lousame considera de primeira necesidade **as obras de pavimentación de camiño en Cernande**. O Concello de Lousame é eminentemente rural con 83 núcleos de poboación e cunha tupida rede de estradas secundarias, isto supón que as necesidades de mantemento sexan moi elevadas.

Este pasado mes de marzo foi especialmente chuvioso e as escorrentías, asolagamentos e desprendementos ocasionaron grandes danos na zona de actuación, con profundas gabias que mesmo chegaron a destapar e romper as mangueras de polietileno da traída de augas dos veciños de Cernande, privándoos deste servizo básico. Isto fai preciso actuar de forma inmediata na zona incluso con maquinaria pesada para levantar parte da vía para arranxar a traída de augas e que os veciños poidan restablecer o servizo o máis axiña posible. En consecuencia trátase dunha zona que sufriu graves danos neste último mes e que hai que arranxar de forma urxente a fin de evitar que avance a un problema aínda maior e restablecer o servizo aos veciños tanto da traída de augas como do tráfico rodado que dá acceso a varias vivendas.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Lousame ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- 1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Lousame, con CIF P P1504300C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das Obras “Pavimentación camiño en Cernande”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños Julio C. Rojo Martínez nº 3871

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	49.473,60 euros
Gastos xerais 13,00%	6.431,57 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	2.968,42 euros
IVE (21%)	12.363,45 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	71.237,04 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **56.989,63** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00%**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/153.2/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma

finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á a entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 57ª e 58ª das de execución do Orzamento para o ano 2019, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación da **colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo

pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula primeira, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das obras ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En

ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA COFINANCIAR A ADQUISICIÓN E OBRAS DE URXENCIA DA CASA DA PINTORA MARÍA ANTONIA DANS PARA A CREACIÓN DUNHA CASA-MUSEO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Curtis para cofinanciar a adquisición e obras de urxencia da casa de María Antonia Dans para a creación dunha casa-museo, cunha achega provincial de **56.000,00 euros** con cargo á partida orzamentaria 0112/336.9/762.01 o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00634%** respecto dun orzamento de **69.994,45 euros**. e validar as actuacións, de conformidade co establecido no artigo 217.1 do R.D.L. 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DA CASA DE MARÍA ANTONIA DANS E OBRAS DE URXENCIA PARA A CREACIÓN DUNHA CASA MUSEO

Na Coruña, __ de _____ de 201__

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, deputado de _____ da Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, alcalde presidente do **Concello de Curtis**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial da Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

Para estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios **para a adquisición de inmobles para destinalos ao interese público.**

Así mesmo, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local. O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

...a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.....d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.....h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.....m) Promoción da cultura e equipamentos culturais...

Neste sentido, o Concello de **Curtis** considera de primeira necesidade a adquisición e obras de urxencia da casa de María Antonia Dans para a creación dunha casa-museo, ao considerar que non existe unha proposta cultural na súa comarca.

Asemade o Concello considera que a adquisición está motivada principalmente por razón de interese público, social e económico, xa.e que a grandeza dos pobos e o seu lugar na historia están determinados polo capital humano e pola cultura, o que constitúe o patrimonio verdadeiramente valioso

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa da adquisición do inmovible referido, é interese do Concello a compra da Casa de M^a Antonia Dans, para albergar unha casa-museo no seu pobo, ofertando así unha alternativa cultural e artística que non está presente na súa comarca.

Ademais poríase en valor a un dos persoeiros ilustres da mesma, con repercusión a nivel nacional, recuperando tamén unha parte do seu patrimonio histórico e cultural.

A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Curtis** (P1503200F), fixando as condición que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe de seguido e das obras de urxencia para a creación dunha Casa Museo:

SITUACIÓN: Avenida Principal, nº 110, parroquia de Santa María de Lurdes, no Concello de Curtis

REFERENCIAS CATASTRAIS: 9350109NH6795S0001OZ

INSCRICIÓN REXISTRAL:

A dita parcela está inscrita no Rexistro da Propiedade de Betanzos cos seguintes datos:

- Titular: María Dans Boado, - NIF: 32107094, - Tomo: 1223, - Libro: 34, - Folio: 11, - Alta: 1 libre de cargas e gravames

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN DO INMOBLE E PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS URXENTES

- A) Segundo o informe de valoración que se achegou polo concello , o **orzamento máximo para a adquisición** ascende a **53.000 euros**.

B) O **orzamento** total da **execución de contrata da obra**, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento execución material:	11.802,52 euros
Gastos xerais 13,00%	1.534,33 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	708,15 euros
IVE (21%)	2.949,95 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	16.994,45 euros

O **orzamento total** ascende a **69.994.45 euros**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento da adquisición e execución das obras urxentes, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **56.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00634 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de adquisición, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00634%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira adquirir o ben para destinalo ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistráis.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/336.9/762.01**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar dita adquisición con persoas o entidades vinculadas ao concello, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

3. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

4.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

5.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na **escritura de compravenda** que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase **constar o importe do financiamento provincial**

2.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida

3. Adquirido o ben, o concello deberá colocar **unha placa en lugar visible** na que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

4. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. En canto á xustificación necesaria para recibir a achega provincial, tendo en conta que as obras non se poden iniciar ata que se teña a propiedade dos bens, se aboará ao concello un primeiro pago do 40 %, coa xustificación da adquisición e un segundo pago do 60% coa xustificación da execución da obra.

A) En canto a ADQUISICIÓN:

1. Se aboará **ata o 40 por cento** da achega da Deputación, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Descrición física e xurídica do ben.
- Identificación do titular o titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles
- Valoración pericial.
- Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne
Copia da escritura pública de adquisición na que **constará o importe do financiamento provincial**
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

B) Polo que respecta a EXECUCIÓN DAS OBRAS:

1. Se aboará, **ata o 60 por cento** da achega da Deputación, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de replanteo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

2. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

3. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adquisición que é obxecto de financiamento provincial, tal e como está descrita na cláusula primeira, deberá estar **rematada e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa

Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na adquisición ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvención, coa exclusiva finalidade.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2020**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2020**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o

pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2021**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

17.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO MODELO DE ACORDO ADOPTAR POLAS ENTIDADES LOCAIS PARA A SÚA ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A MODIFICACIÓN DO MODELO DE CONVENIO QUE SE HA SUBSCRIBIR ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E AS ENTIDADES LOCAIS PARA A SÚA ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, CO FIN DE ADAPTALO Á LEI 9/2017, DO 8 DE NOVIEMBRE, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, POLA QUE SE TRANSPONEN AO ORDENAMENTO XURÍDICO ESPAÑOL AS DIRECTIVAS DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO 2014/23/UE/, DO 26 DE FEBREIRO DE 2014.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a modificación do modelo de acordo a adoptar polas entidades locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña e a modificación do modelo de convenio que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e as entidades locais para a súa adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, co fin de adaptalo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

ANEXO

CONVENIO DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE ----- AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A Coruña, -- de ----- do 20—

REUNIDOS:

Dunha parte D. Valentín González Formoso, na súa calidade de presidente da Deputación Provincial da Coruña, que actúa en nome e representación desta en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e as facultades outorgadas pola Corporación provincial en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, asistido por D. José Luis Almau Supervía, o seu secretario xeral, en exercicio das funcións de fe pública administrativa que lle atribúe a lexislación vixente.

Doutra parte D. -----, alcalde-presidente do Concello de -----, expresamente habilitado para este acto polo Pleno da Corporación, en sesión celebrada o -- de ----- de 20--.

Ambas as dúas partes recoñécense, na representación que teñen, capacidade bastante para asinar o presente **CONVENIO DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**, e para obrigar nos seus termos á persoa xurídica que representan.

En virtude diso,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Deputación Provincial da Coruña por acordo do Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación coa fin de dar servizo ás entidades locais da provincia e entes instrumentais delas dependentes e, no seu caso, aos diferentes departamentos e servizos da Deputación provincial e os seus entes instrumentais.

Segundo: Que coa creación da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, preténdese lograr as condicións económicas máis vantaxosas e a consecución da redución do gasto público dos entes adheridos ao sistema de contratación centralizada que se articula e, ao tempo, simplificar a tramitación administrativa na adquisición de bens e servizos, potenciando, á vez, a transparencia e seguridade na contratación. Trátase de facilitarlles ás entidades locais da provincia e os seus entes instrumentais, a adquisición de bens e tramitación da contratación dos servizos que lles sexan necesarios, articulando un sistema áxil, que permita a minoración de tempos de adquisición e simplifique a súa tramitación, dando así cumprimento á obriga de colaboración da institución provincial cos entes locais do seu territorio.

Terceiro: Que o Concello de ----- por acordo do Pleno da Corporación municipal do - - de ----- de 20-- acordou a adhesión á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña..

En consecuencia, as persoas que rubrican acordan asinar o **presente CONVENIO DE ADHESIÓN** conforme as seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente CONVENIO é a adhesión do Concello de ----- á Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que poderá, por tanto, efectuar as subministracións de bens e contratación de obras ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, nas condicións e prezos vixentes nos contratos subscritos por esta, coas empresas adxudicatarias no momento da adquisición dos bens ou contratación dos servizos.

Esta adhesión non supón a obriga de efectuar todas as contratacións ou servizos a través da Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, polo que o Concello de ----- poderá optar por utilizar este sistema ou calquera outro establecido na lexislación de contratación pública.

Non obstante a adhesión individualizada aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións polo Concello de ----- si terá carácter obrigatorio e non poderán, en consecuencia, efectuar contratacións relativas ao obxecto dos citados acordos marco ou contratos á marxe destes.

SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1. A Central de Contratación informará ás entidades locais dos correspondentes acordos marco, contratos ou outras licitacións que celebre, e solicitaralles a adhesión individualizada a cada un deles, que será voluntaria para as ditas entidades.
2. A Central de Contratación informará as condicións dos acordos marco, contratos e outras licitacións, tales como empresa ou empresas adxudicatarias, prezo ofertado, prazos de entrega e en xeral calquera aspecto relevante, así como todas as modificacións que poidan ter durante a súa vixencia.
3. Tamén se obriga á publicación dos acordos marco, contratos e outras licitacións na páxina web da Central de Contratación.
4. Tramitación dos pedidos de subministración ou de prestacións de servizo efectuadas polas distintas entidades locais.
5. Adoptar as medidas oportunas en caso de incumprimento total ou parcial por parte das empresas adxudicatarias, mesmo tramitar expedientes de imposición de penalidades ou de resolución de contratos.

TERCEIRA.- OBRIGACIÓNS DA ENTIDADE LOCAL

Son obrigacións do Concello de ----- as seguintes:

- 1.- Indicar os cargos que, en virtude das súas competencias en materia de contratación e aprobación do gasto, deben subscribir as peticións de subministracións ou prestacións de servizos, para que poidan ser tramitadas pola Central de Contratación da Deputación Provincial da Coruña, especificando, igualmente, ademais das circunstancias de denominación da entidade, dirección, teléfono, fax e persoa responsable e o correo electrónico de contacto.
- 2.- Formular as peticións de subministración de bens ou de prestación de servizos, no modelo que aprobará por resolución a tal fin, a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña, logo da autorización previa e disposición do gasto.
- 3.- Pór en coñecemento da Central de Contratación, as moras nos prazos de entrega, defectos nos bens fornecidos ou na prestación de servizos, ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co obxecto do contrato, para a adopción das medidas oportunas pola Central de Contratación.
- 4.- Efectuar a recepción dos bens fornecidos e dos servizos prestados, os cales deberán coincidir coas características e prezos cos que figuran na correspondente petición, así como o aboamento do prezo e, eventualmente, dos xuros de mora e das posibles revisións, que se fará efectivo conforme as previsións establecidas no artigo 198 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

CUARTA.- VIXENCIA DO PRESENTE CONVENIO

O período de vixencia do presente CONVENIO será de catro anos contados desde o día seguinte ao da súa formalización, e poderase prorrogar automaticamente por igual período de tempo, se non existise denuncia deste por algunha das partes, logo da comunicación previa á outra con polo menos tres meses de antelación.

QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS

Será causa de resolución do presente convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das condicións por algunha delas.

Non obstante o anterior, as partes poderán denunciar en calquera momento o acordo de adhesión logo da comunicación previa efectuada, polo menos, con tres meses de antelación.

Nos supostos de resolución, incluída a expiración por denuncia, os efectos da extinción quedarán en suspenso ata que teña lugar a recepción e total aboamento das subministracións ou servizos solicitados pola Central de Contratación da Deputación da Coruña a instancia do Concello de -----.

SEXTA.- RESOLUCIÓN DE LITIXIOS

As cuestións litixiosas que poidan xurdir respecto da aplicación, interpretación e cumprimento deste convenio serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E en proba de conformidade asínano en exemplar cuádruplicado, as persoas que interveñen, no lugar e data indicados no encabezamento.

MODELO DE ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

ACORDO DE ADHESIÓN AO SISTEMA DE ADQUISICIÓN CENTRALIZADA DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: A Deputación provincial da Coruña, por acordo plenario do 27 de xuño de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto nos artigos 203 e seguintes do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro. Tras a entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP) as Centrais de Contratación están reguladas nos seus artigos 227 e seguintes.

SEGUNDO: O (*Concello de _____ ou a Entidade _____*) está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola Deputación provincial da Coruña.

En consecuencia, tendo en conta o disposto no Art. 228 da referida Lei o (*Pleno da Corporación Municipal ou o órgano competente da Entidade*_____)

ACORDA:

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da Deputación provincial da Coruña

SEGUNDO.- Aprobar o convenio de adhesión que se transcribe a continuación do presente acordo.

TERCEIRO.- Remitir o presente Acordo á Deputación provincial da Coruña para os efectos oportunos

CUARTO.- Facultar a (Alcalde/sa ou cargo do Organismo ou Entidade) para que en nome e representación desta (*Corporación /Entidade*) proceda á formalización de cuantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, así como para a adhesión aos distintos acordos marco, contratos e outras licitacións que a central de contratación da Deputación Provincial da Coruña saque a licitación e sexan de interese para este Concello/Entidade de _____"

18.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “BEIRARRÚAS NA 2ª E 3ª TRAVESÍA EUSEBIO BÉRTOA QUEIJO”, DO CONCELLO DA LARACHA, INCLÚIDO NA PRIMEIRA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ ADICIONAL 1/2018 CO CÓDIGO 2018.2001.0660.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello da Laracha do proxecto modificado do investimento denominado “Beirarrúas na 2ª e 3ª Travesía Eusebio Bértoa Queijo”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018, co código 2018.2001.0660.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta Corporación provincial número 2018/30453, do 12 de setembro de 2018, que en relación co acordo adoptado polo Pleno provincial o 16 de maio de 2018, aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018, no que se inclúe o investimento do Concello da Laracha que máis adiante se indica

Logo de advertir o Concello da Laracha erros aritméticos nalgúns partidas do orzamento do proxecto que aínda está sen adxudicar, e a necesidade de cambiar a situación das beirarrúas da 2ª Travesía Eusebio Bértoa Queijo, pasándoas da marxe esquerda á marxe dereita dado que na marxe dereita na actualidade existen dúas vivendas máis que na marxe esquerda

Logo de modificar o concello o proxecto inicial para realizar estas modificacións e aprobar, previos os informes técnicos favorables, o proxecto modificado, que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial aprobado, pero que supón un cambio da situación inicial prevista para as beirarrúas na 2ª Travesía

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ Adicional 1/2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Beirarrúas na 2ª e 3ª Travesía Eusebio Bértoa Queijo”, do Concello da Laracha, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2018, que foi aprobada mediante a Resolución da Presidencia desta Corporación provincial número 2018/30453, do 12 de setembro de 2018, en relación co acordo adoptado polo Pleno provincial o 16 de maio de 2018, co código 2018.2001.0660.0 e cos datos que se indican a continuación, que aínda está sen adxudicar, e que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes favorables para corrixir erros aritméticos nalgúns partidas do seu orzamento para cambiar a situación das beirarrúas da 2ª travesía Eusebio Bértoa Queijo, pasándoas da marxe esquerda á marxe dereita dado que na marxe dereita na actualidade existen dúas vivendas máis que na marxe esquerda:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
2018.2001.0660.0	A Laracha	Beirarrúas na 2ª e 3ª Travesía Eusebio Bértoa Queijo	77.490,05	82.174,39	159.664,44

O financiamento da achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4546/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Notificarlle este acordo ao Concello da Laracha para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento incluído no POS+ Adicional 1/2018."

19.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “REFORMA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA OUTEIRO BAIXO”, DO CONCELLO DE PORTO DO SON, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018 CO CÓDIGO 2018.2000.0279.0, E APROBACIÓN DEFINITIVA DO INVESTIMENTO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Porto do Son do

proxecto modificado do investimento denominado “Reforma e acondicionamento da Rúa Outeiro Baixo”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, co código 2018.2000.0279.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018

Tendo en conta que, de acordo co disposto no apartado 2 do citado acordo do 16 de maio de 2018, a aprobación definitiva dos investimentos dalgúns concellos quedaba condicionada á realización das condicións suspensivas que se detallan para cada un deles, entre os que figura este investimento do Concello de Porto do Son, que aínda está sen adxudicar, cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición a realizar
			Achega Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
Porto do Son	2018.2000.0279.0	Reforma e acondicionamento da Rúa Outeiro Baixo	103.315,59	0,00	103.315,59	-Autorización D. X. Patrimonio Cultural

Logo de recibir o Concello de Porto do Son as Resolucións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 18 de abril e 26 de outubro de 2018, que non autorizan a intervención solicitada no proxecto inicial a causa dunha serie de deficiencias advertidas polos servizos técnicos da dita Dirección Xeral

Logo de modificar o concello o proxecto inicial, para emendar as ditas deficiencias e obter a autorización favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural mediante a Resolución do 30 de xaneiro de 2019

Logo de aprobar o concello este proxecto modificado, que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial aprobado, pero supón con respecto deste variacións internas por un importe superior ao 30% das súas partidas

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no BOP número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reforma e acondicionamento da Rúa Outeiro Baixo”, do Concello de Porto do Son, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, que foi aprobado mediante o acordo plenario desta

deputación do 16 de maio de 2018 en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, co código 2018.2000.0279.0, cos datos que se indican a continuación, que está sen adxudicar e que se aprobou polo concello para dar cumprimento aos condicionantes impostos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, e que aínda que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial aprobado, supón con respecto deste variacións internas por un importe superior ao 30% das súas partidas:

Concello	Código	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición cumprida
			Achega Deputación	Achega Concello	Orzamento Total	
Porto do Son	2018.2000.0279.0	Reforma e acondicionamento da Rúa Outeiro Baixo	103.315,59	0,00	103.315,59	-Autorización D. X. Patrimonio Cultural

O financiamento da achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/1536/76201 do vixente orzamento provincial.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa obtención da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, considerar cumprida a condición á que foi sometido este investimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento no POS+ 2018.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Porto do Son para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento incluído no POS+ 2018 cuxo proxecto inicial foi modificado."

20.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA DENOMINADA "CUBRICIÓN DA PISTA POLIDEPORTIVA EN MONDEGO FASE I" DO CONCELLO DE SADA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017 CO CÓDIGO 17.2100.0069.0

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226, do 29 de novembro de 2016

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017

Logo de ver que no Anexo V a este acordo figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2017 con cargo á achega 2017, no que figura, entre outras, a obra do concello de Sada denominada "Cubrición da pista polideportiva en Mondego. Fase I", co código 17.2100.0069.0, que aínda non está adxudicada

Logo de presentar o Concello de Sada un proxecto modificado desta obra, coa finalidade de adaptalo para obter o informe favorable de adecuación urbanística dos Servizos Técnicos urbanísticos do Concello, que non ten variación no seu orzamento, presentándose o proxecto xunto cos informes técnicos xustificativos da modificación do proxecto, e coas certificacións acreditativas da súa aprobación polo concello

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña

ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra do Concello de Sada denominada "Cubrición da pista polideportiva en Mondego. Fase I", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, co código 17.2100.0069.0, que foi aprobado polo pleno desta Deputación na sesión realizada o día 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 22137 do 7 de xullo de 2017, cun orzamento de contrata de 148.225,88 €, que non representa unha variación no seu orzamento respecto do proxecto técnico inicial aínda que supón unha alteración interna das suas partidas e prezos unitarios.

2.- A aprobación definitiva deste proxecto modificado queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 1/2019 no que na partida 0430/4592/7620, consignarase crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

3.- Comunicarlle ao concello de Sada a aprobación deste proxecto modificado da obra para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

21.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DE "POZO DE BOMBEO Nº2, IMPULSIÓN E COLECTORES EN ORTO E CRENDES"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Abegondo para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Abegondo
DENOMINACIÓN DA OBRA	Pozo de bombeo nº 2, impulsión de colectores en Orto e Crendes
ORZAMENTO DO PROXECTO	206.300,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	165.000,00 €

ACHEGA DO CONCELLO	41.300,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	79,98061 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/160.1/76201

A aprobación definitiva deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2019, no que na partida 0430/160.1/76201 se consigna crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA “POZO DE BOMBEO Nº 2, IMPULSIÓN E COLECTORES EN ORTO E CRENDES”

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, D/Dª
Provincial da Coruña

en nome e representación da Deputación

E doutra parte, D/Dª

en nome e representación do Concello de Abegondo

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Abegondo ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Abegondo, con CIF P1500100A, para o financiamento do investimento de “Pozo de bombeo nº 2, impulsión e colectores en Orto e Crendes”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico redactado polo enxeñeiro agrónomo Carlos Ameijenda Mosquera.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora, achega ao expediente un exemplar do proxecto técnico, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	143.273,84 €
Gastos Xerais (13%)	18.625,60 €
Beneficio industrial (6%)	8.596,43 €
IVE (21 %)	35.804,13 €
Orzamento da contrata	206.300,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento da obra, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima 165.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 79,98061 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,98061 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato da execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do proxecto, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidación da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/160.1/76201 do orzamento provincial para o ano 2019. A aprobación deste Convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 1/2019 no

que se consigna crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 58.2 b) das de execución do orzamento para o ano 2019, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de

adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación Provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.
3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2020**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2022**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento."

22.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE LAXE PARA O FINANCIAMENTO DE "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA ALUMEADO EXTERIOR EN RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, VILA AMPARO E OUTRAS"

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Laxe para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Laxe
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora da eficiencia enerxética alumeado exterior en rúas Rosalía de Castro, Vila Amparo e outras
ORZAMENTO DO PROXECTO	125.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	100.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	25.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000 %
PARTIDA ORZAMENTARIA	0430/1651/76201

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/1651/76201 do orzamento provincial para o ano 2019.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LAXE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA ALUMEADO EXTERIOR EN RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, VILA AMPARO E OUTRAS

Na Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte, D/D^a en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte, D/D^a en nome e representación do Concello de Laxe

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas.

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Laxe ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I. Obxecto

1. O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Laxe, con CIF P1504100G para o financiamento das obras de “Mellora da eficiencia enerxética alumeado exterior en rúas Rosalía de Castro, Vila Amparo e outras”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro técnico industrial Martín Lema Pose.

2. A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle, así como en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e a súa normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto,

unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria comprométese a destinala ao uso público para o cal está prevista.

II. Orzamento de execución das obras

O orzamento total da execución da contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	86.811,59 €
Gastos Xerais (13%)	11.285,50 €
Beneficio industrial (6%)	5.208,70 €
IVE (21 %)	21.694,21 €
Orzamento da contrata	125.000,00 €

III. Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.
2. No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total previsto na cláusula II, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resultase inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula II, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, implantacións ou liquidacións da obra.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1651/76201 do orzamento provincial para o ano 2019. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV. Contratación e execución

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula I.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. Publicidade do financiamento provincial

1. Durante a execución das obras e ata a finalización e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figuren o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI. Xustificación necesaria para recibir a achega provincial

1. Coa posibilidade prevista na base 58.2b) das de execución do orzamento para o ano 2019, ata o 40 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pagamento a favor da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e, no seu caso, polo funcionariado técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de recepción da obra deberá acudir persoal técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula V (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, en cuxos correspondentes asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Acreditación do pagamento efectivo a terceiros do importe aboado co primeiro pagamento prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E, de transcorrerem máis de catro meses dende a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen cobrar o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. Termo para a finalización das obras e prazo de xustificación

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIII.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a unidade xestora remitiralle un requirimento entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de 15 días.

3. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a

presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

VIII. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, primeiro con carácter previo á sinatura deste convenio e, logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarase esta de oficio.

IX. Destino e manexo dos fondos recibidos

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor.

X. Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1. Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Simultaneamente, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se perciban dende o día no

que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), para o que se lle dará en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e seralle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 56.6 das de execución do orzamento da Deputación, de se producir o atraso no prazo de xustificación e non exceder dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €. De exceder dun mes e non chegar a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €. E, de a extemporaneidade da xustificación exceder de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

4. De se producir o atraso no pagamento á persoa adxudicataria ou a terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pagamento efectivo ao terceiro.

XII. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria seranlles remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no devandito precepto.

2. Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende da Deputación.

XIII. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1. O presente convenio de colaboración terá efectos dende a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2020**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. No caso de que a entidade beneficiaria non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do citado prazo, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, e achegar coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pagamento do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2022**; todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou, no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as partes e após dos informes da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. Natureza, interpretación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicaráselle a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3. Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario na sesión ordinaria de

E en proba de conformidade asínano por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento."

23.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA "III ROMARIA GALAICO ROMANA - GALAICOI"

INTERVENCIÓNS

Sr. García Seoane

Intervín nalgúns convenios que se fan desde a Deputación xustificados, pero intervín para dicir que me parecía que os gastos eran moitos por parte dos concellos que pedían eses convenios, que se podían facer con menos cartos, e creo que o que estamos hoxe a falar aquí, eu vou votar a favor, pero quero dicir o que penso, e como dixeran noutras ocasións, paréceme que a Deputación non pode coller a carreiriña de que cando veña algún concello ou algún deputado, de pagarlles as festas a ninguén. As festas, o que queira festas, que as pague, unha cousa é un acto, como é a feira de Malpica, a de Ponteceso, que están traballadores do barro e divulgar a súa arte e a súa artesanía e buscando traballo, o tema das palilleiras de Camariñas, ou similares. O que non pode empezar a Deputación, desde o meu punto de vista, é empezar a pagar todas as festas, enxebres daquela maneira, cando hai un negocio que hai detrás de todo isto.

Detrás destas festas dos romanos, a festa dos romanos téñena que facer en Lugo que é onde a teñen que facer, porque é a que ten a historia e é a que ten que facer a festa dos romanos. Eu a festa dos romanos, a festa dos castros, e a festa de non sei que, que todo é a mesma roupa, todo son as mesmas tendas, todo o mesmo *merchandising*, véndense unha morea de cousas nelas, é un negocio de quen programa estas festas, e o Concello de rolda fainas e pagámolas nós, dámoslle o 80% de case 60.000 euros, de 55.000 euros, dámoslle o 80%. Eu estou disposto a facer así, non este tipo de festas, pero desde logo, pedir subvencións na comarca da Coruña para temas que hai moi importantes en relación a traballo, a feiras que promoven apicultura, ou cincuenta mil cousas que hai por aí.

Eu non entendo como para facer esta festa, organización do mercado, do servizo, 12.000 euros, pola organización, supostamente, non sei quen organiza isto, porque isto é unha empresa que llo fai ao concello, pero é que esa empresa lévase, cobra todo canto leva, e logo alugamento de cabanas castrexas, a min queríanmas poñer en Santa Cristina hai agora oito anos, nove, para negocio durante unha semana, vendendo alí todo tipo, ata cervexa, tamén vendían, 4.840 euros, manda truco, pero é que nesas casetas despois véndense produtos, e quen os vende cóbraos el, non llo dá ao concello, non é o concello quen está cobrando por nada disto, tamén un diñeiro tremendo. Pero despois, animación do campamento castrexo, 5.999 euros, e animación do campamento romano, non sei se son dous romanos, 5.900 euros. Paréceme grave, paréceme grave que sexamos tan lixeiros á hora de asinar convenios, eu síntoo moito, sexamos tan lixeiros á hora de asinar convenios deste tipo na Deputación. O que queira festas que as faga, a min paréceme moi grave isto porque aquí, en Cambre, empezouse facendo no seu día, creo que Tonecho,

despois Manolo que está aquí, facendo unhas actividades para atraer xente a Cambre, uns festivais, cambiouse de modelo de festival, ben, vai a xente, a min contábanme onte, "si é que os veciños van", claro, aquí á hora de disfrazarse xa non é só o entroido, por certo, eu disfrázome hoxe, pero xa non só é o entroido, agora hai que estar disfrazados todo o ano, que é o que vende. Que se fagan as cousas, pero desde logo non pagando a Deputación as festas que ao final benefician a determinadas persoas, que non ao conxunto das persoas, nin ao municipio, nin nada parecido.

Polo tanto, vou votar tapando o nariz, vou votar que si tapando o nariz.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concorrência competitiva, como o incorporado no presente expediente:

A actividade subvencionada ao **CONCELLO DE CAMBRE**, relativa ao proxecto "**III ROMARÍA GALAICO ROMANA - GALAICOI**" pretende potenciar o turismo no municipio e colaborar na consolidación da provincia da Coruña como destino turístico, en particular mediante celebración dun evento consiste na recreación histórica da cultura castrexa e da cultura romana, baseándose na existencia no concello de elementos patrimoniais de tres etapas da historia, Idade de Ferro, época galaico romana e época medieval; a realización dunha romaría popular galega con recreación de actividades arqueolóxico-históricas, recreación de vestiario, costumes, vivendas, etc. tratando de transmitir ao ideario colectivo a importancia do patrimonio arqueolóxico do núcleo de Cambre.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE CAMBRE con CIF P1501700G, para financiar o "**ROMARÍA GALAICO ROMANA - GALAICOI**" cun orzamento de 54.915,94 €

4º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 43.932,75 €, o que supón porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

5º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201 do presente exercicio

6º.- Facultar ao sr D. Xosé Regueira Varela, en representación da Deputación da Coruña en virtude da R.P. 15671 de 27/07/2015, modificada pola R.P. 16642 de 30/07/2015 e pola R.P. 29081 de 23/12/2015 para a firma do convenio.

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMBRE polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das actividades "III ROMARÍA GALAICO ROMANA - GALAICOI"

A Coruña, .

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE CAMBRE

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio interadministrativo de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

1. Que a Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMBRE, quen actúa en representación dos cinco concellos da provincia incluídos no ámbito xeográfico da Ulla, consideran de grande interese para a provincia a promoción da III Romaría Galaico Romana Galaicoi.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMBRE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **CONCELLO DE CAMBRE, CIF P1501700G**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento das actividades da *"III ROMARÍA GALAICO ROMANA - GALAICOI"*, "tal e como aparecen definidas na memoria de actividades

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES

O orzamento total da execución do plan de promoción, desagregase co seguinte detalle:

CONCEPTO	IMPORTE	
Servizo de organización do mercado	12.093,94 €	
Total servizo organización do mercado		12.093,94 €
Memoria técnica - plan de evacuación	968,00 €	
Iluminación do Castromaior	1.891,75 €	
Desbroce e limpeza Castromaior	859,10 €	
limitación Castromaior - valado	653,40 €	
Alugamento cabanas castrexas	4.840,00 €	
Compra de alpacas	1.519,38 €	
Total adecuación Castromaior		10.731,63 €
Animación-campamento castrexo	3.700,00 €	
Actividades de animación - xogos tradicionais	2.299,00 €	
Total actividades Castromaior		5.999,00 €
Iluminación do Campo da Feira	3.625,85 €	
Total adecuación Campo da Feira		3.625,85 €
Animación do campamento romano	5.900,00 €	
Total actividades Campo da Feira		5.900,00 €
Alugamento de sanitarios	1.331,00 €	
Alugamento de equipo de megafonía	4.840,00 €	
Tessera Hospitalis e medallas dos xogos	557,81 €	
Total organización		6.728,81 €
Impresión de carteis, folletos , impresión e montaxe de sinalética e merchandising	4.743,20 €	
Faladoiros galaico Romanos	1.140,50 €	
Total difusión		5.883,70 €
Publicidade	3.953,01 €	
Total publicidade		3.953,01 €

TOTAL ORZAMENTO 54.915,94 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das actividades, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 43.932,75 € o que representa unha porcentaxe de 80,00 % A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da

cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMBRE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE CAMBRE o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE CAMBRE axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE CAMBRE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMBRE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CAMBRE, unha vez que presente a seguinte documentación:

- 1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMBRE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- 2.- Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- 3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- 4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- 5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- 6.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA O REMATE DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar realizadas entre 1 de maio ata o 31 de agosto de 2018.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE CAMBRE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMBRE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMBRE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMBRE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE CAMBRE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CAMBRE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa

comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMBRE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMBRE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE CAMBRE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de interadministrativo de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE CAMBRE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguírase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMBRE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE CAMBRE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio interadministrativo de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de maio ata o 31 de agosto de 2018, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de xullo do ano 2019**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE CAMBRE non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de maio de 2019**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE CAMBRE perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por
E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

24.-APROBACIÓN DO INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO CUARTO TRIMESTRE DE 2018 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

2º. Dispor que se publique na páxina web da Deputación a documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento.

3º. Enviar a devandita documentación aos órganos competentes da comunidade autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda."

25.-APROBACIÓN DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2105/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN CUARTO TRIMESTRE EJERCICIO 2018 NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E NO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, E DO ESTADO CONSOLIDADO.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º. Toma de coñecemento da información remitida ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas en cumprimento do disposto na Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2º. Pon a información a disposición de calquera interesado lexítimo a través da páxina de internet da Deputación provincial."

26.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO ESTADO DE EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS FINANXEIRAMENTE SUSTENTABLES APROBADOS NOS EJERCICIOS 2014- 2018.

O Pleno toma coñecemento do informe da Intervención sobre o estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional décimo sexta do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

27.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME SOBRE RECURSOS PROVINCIAIS ASIGNADOS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA, ASÍ COMO A ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2012 E O 31 DE DECEMBRO DE 2018.

O Pleno toma coñecemento sobre o informe emitido polo Servizo de Fiscalización sobre os recursos asignados por esta Deputación provincial aos concellos e outras entidades locais da provincia, así como a entidades, persoas

físicas ou xurídicas no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2018.

28.-APROBACIÓN DA PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE O INFORME DE RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS AO QUE SE REFIRE O ARTIGO 218.1 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO. Toma de coñecemento do expediente que contén a relación dos informes de reparo emitidos polo órgano interventor nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

SEGUNDO. Eleva o dito expediente ao Pleno da Corporación, para a súa toma de coñecemento e remisión inmediata de todos os reparos formulados aos órganos de control externo, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia."

29.-DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018.

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Tomar coñecemento da aprobación da liquidación do orzamento e do informe sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente ao exercicio 2018.

2.- Remitir copia da Liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma en cumprimento ao establecido no apartado 5 do artigo 193 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3.- Remitir a información prevista na Orde EHA/468/2007, do 22 de febreiro, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática da liquidación dos orzamentos das entidades locais e da información adicional requirida para dar cumprimento á Orde HAP/2082/2014 na aplicación efectiva do principio de transparencia no ámbito de estabilidade orzamentaria, e na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira."

30.-DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018.

O Pleno toma coñecemento da aprobación da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña correspondente ao exercicio 2018, aprobada por Decreto da Presidencia nº 19/2019 o día cinco de febreiro de dous mil dezanove.

31.-DACIÓN DE CONTA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2019 DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES, DE APROBACIÓN POLA PRESIDENCIA.

O Pleno toma coñecemento do contido do expediente de modificación de créditos de incorporación de remanentes, de aprobación polo presidente.

32.-APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 1/2019.

INTERVENCÍONS

Sr. Regueira Varela

Bo día a todas e a todos. A min dáme un pouco de mágoa non intervir neste punto, onde imos incorporar nada máis e nada menos que trinta millóns de euros ao POS+, cando hai moi poucos anos, moi pouquiños, no ano 2015, a aprobación do POS daquel momento, do único plan provincial que había, eran vinte e catro millóns e medio, entón agora que estamos aprobando trinta, algunha intervención, aínda que sexa breve, ben merece o asunto, digo eu.

En todo caso, antes de nada, gustaríame darlle as grazas ao persoal de Plans, e máis aos de Intervención, polo feito de que agora, á altura de febreiro do ano 2019, esteamos incorporando trinta millóns de euros, nada máis e nada menos, a un plan que xa viña dotado con sesenta e un millóns e medio, eu creo que é unha moi boa nova para os concellos desta provincia, pero é unha moi boa nova porque, onte mesmo, nunha xornada sobre enerxía e sobre as subvencións do Ministerio, falábase coma un milagre que un Ministerio puidera transferirle a todos os concellos do Estado español corenta millóns de euros. Aquí estamos falando de trinta millóns e parece que o temos que aprobar de carreiriña.

Como dicía antes, dáme a sensación de que hai moi pouco tempo aprobabamos un plan, que era de vinte e catro millóns e medio de euros, e agora estamos aprobando un plan que a estas alturas xa vai ter unha dotación de noventa e un millóns e medio, o que demostra que o instrumento que a veces foi criticado con dureza neste salón de Plenos, é un instrumento moi válido, dinámico, ao que se incorporan constantemente remanentes e créditos e que, polo tanto, transfire aos concellos unha cantidade inxente de recursos, porque o previsible, xa estamos falando de noventa e un millóns e medio en febreiro, no Pleno de febreiro, pero o previsible é que en moi pouco tempo volvamos incorporar novos créditos a ese plan.

Polo tanto, insisto, eu creo que é unha moi boa nova para os concellos da provincia, tamén demostra que certos discursos caducan rápido e, polo tanto, eu creo que pagaba a pena polo menos facer unha breve intervención sobre isto. Máis nada.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

A verdade é que eu agardaba que non houbera ningunha intervención, pero loxicamente, aínda que por relativas alusións, teño que intervir.

Seguimos por baixo da dotación do Plan de 2018, polo tanto non sei por que o Sr. deputado está tan satisfeito. A verdade é que habería que facer unha reflexión respecto de se é unha correcta xestión desta casa pechar os exercicios cos remanentes que vostedes pechan, posto que iso, en definitiva, é unha consecuencia dunha ausencia precisamente de xestión, posto que o que tes que facer é investir e aplicar os fondos cos que contas en cada exercicio orzamentario. A verdade é que ademais vostedes aplican unha comparación absolutamente tramposa porque están comparando cantidades do ano 2015, no Plan POS, co Plan único onde liquidaron diferentes liñas de colaboración que tiña esta casa cos concellos, esa comparación debería de ser realizada con criterios homoxéneos. Pero, insisto, aínda, é certo estamos en febreiro, estamos por debaixo dos créditos do ano pasado, e iso é o que nós vimos a denunciar.

A verdade é que vostedes están moi satisfeitos, pero nada fixeron ao longo do mandato para impulsar cuestións que nós cremos que son imprescindibles, nas que debería de participar a Deputación por riba de ceder todos os seus créditos e todas as súas competencias aos concellos, que está ben, pero nós volvemos repetir, remata un mandato, non temos un Plan de canceiras a nivel provincial, remata un mandato, nada se fixo ao respecto do consorcio, moitos anuncios, moitos compromisos, moita publicidade, un goberno que si que é certo esa cuestión parece que non resulta problemática para o goberno, publicitar as bendicións e os beneficios da Deputación nos medios con tamén profusión de fotografías dos membros do goberno, cuestión que eu a verdade que si que creo que raia o que debería de ser politicamente correcto, pero ben, iso é a súa decisión, nada temos ao respecto dos desfibriladores nos campos de fútbol, do Plan de deportes, aquel plan que comezou e que nunca soubemos del, nada sabemos respecto de colaborar cos concellos en temas como a aplicación da Lei de protección de datos, cuestións que nós desde este grupo insistimos ao longo do mandato, moitas promesas, escasas realidades na implicación da Deputación na solución dos problemas da provincia.

E gustárame, para rematar, facer unha reflexión ao respecto dunha cuestión que creo que é unha queixa con carácter xeral de todos os alcaldes, con independencia da adscrición política. Facía mención o voceiro de Alternativa dos Veciños respecto da situación das estradas provinciais, existe unha queixa respecto do atraso na execución das obras, da falla de mantemento, da falla de atención en rozaduras, en mantemento ordinario das vías provinciais, e niso si que a Deputación podería facer un esforzo e, precisamente, evitar mediante a aplicación dos cartos correspondentes, que non houbera ese remanente co que pecha un ano tras outro a xestión orzamentaria desta casa. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Xa dixen hai uns plenos que empezaba a campaña e seguimos no mesmo.

Fai vostede un relato, Sr. Hernández, do que di que non se fixo, pero obvia loxicamente todo o que se fixo. Fala vostede de que non se atenden as necesidades dos cidadáns da provincia, non sei se a vostede un Plan de emprego, que xera miles de empregos nesta provincia, parécelle que é non atender unha necesidade dos

cidadáns. Non sei se para vostede ter emprego é unha necesidade ou non, igual ten outras prioridades vostede.

Fala deses catro mantras, ou tres mantras aos que veñen aludindo ao longo desta lexislatura, que é o Plan de canceiras, fala vostede tamén da aplicación da Lei de protección de datos, etc. E fala vostede, que é unha cousa que me chamou a atención de que, pouco máis fai a Deputación que ceder créditos aos concellos, é que precisamente iso é o que temos que facer, o que non temos que facer é o que propoñen vostedes, que dediquemos eses créditos a pagar o que ten que pagar a Xunta de Galicia, porque xa o vimos ao longo desta lexislatura, con moitas mocións nas que as súas propostas non van encamiñadas a mellorar a vida dos cidadáns desta provincia en base ás competencias que ten a Deputación, non, as súas propostas van encamiñadas a que a Deputación pague o que ten que pagar a Xunta de Galicia, ou polo menos que o pague.

No tema das canceiras xa se explicou en varias ocasións, estamos dispostos a abordar esa cuestión e a colaborar economicamente, pero queremos que a Xunta, que é quen lexisla, e ten algunha competencia, tamén colabore connosco, e por parte desta Deputación xa lle foi trasladado no seu momento a quen ten as competencias, ou a quen ostenta o cargo correspondente nesta materia, e estamos agardando a que nos digan algo, porque nós temos máis ou menos claro a onde podemos chegar, da Xunta de Galicia non sabemos absolutamente nada máis que o que nos traslada vostede como voceiro do Partido Popular, que é que pague todo a Deputación.

Sobre a Lei de protección de datos, falamos no Pleno no seu momento, xa lle dixemos, só había un concello, un concello, de 93, que nos trasladara algún tipo de problemática con este tema.

E sinceramente, que fale vostede das vías provinciais. Non hai un alcalde en todo este Pleno, que poida dicir que as rozaduras facíanse máis cando estaban vostedes aquí, porque o Plan de conservación era o mesmo, dúas veces ao ano, o mesmo, non creo que herba medre máis cando está o goberno do BNG e o PSOE que cando está o PP, medrará o mesmo, efectivamente, pode haber anos nos que poida haber choiva no verán, e iso fai que medre máis, pero conservación das vías provinciais, acabamos de velo hai pouco, máis de setenta quilómetros de sendas no que vai de lexislatura, oito millóns de euros de investimento. Podemos falar de incremento da partida e dos orzamentos para vías e obras.

Que queda moito por facer? evidentemente, tamén é certo, se estivera feito cando chegamos non habería tanto que facer. Entón claro, facer unha análise da situación das vías provinciais como se parece que a súa degradación, no caso de que algunha teña esa situación, fóra destes castro anos, home, vostedes tamén estiveron gobernando aquí, e que fixeron en vías provinciais? No meu concello teño catro, o único proxecto que se desenvolveu no meu concello foi aprobado no ano 2007, Sr. Hernández, teño un acceso a un centro educativo, teño un acceso a un parque natural, que foi con este Goberno, xunto con outros moitos concellos, onde se empezaron a abordar esas problemáticas nese departamento.

Polo tanto, non creo que sexa vostede, non vostede a título persoal, senón vostede como voceiro do Grupo do Partido Popular, o máis indicado para falar da

situación das vías provinciais porque a comparación, fagámola como a fagamos, tanto en termos brutos como relativos, é bastante favorable a este goberno con respecto a etapas anteriores.

Repito, estamos en campaña, e é lóxico que cada un teña as súas estratexias e intente rañar por onde poida, pero hai cousas que sinceramente non poden quedar sen contestar.

E falaba vostede do tema dos remanentes. Vostede sabe que hai unha lexislación que regula como é o uso dos remanentes, vostede sabe que hai que cumprir unha serie de parámetros que establece o Ministerio. Que é o que pretendía dicir con iso dos remanentes?, que temos remanentes porque non gastamos os cartos e porque non investimos máis? O uso dos remanentes nesta Deputación, que é unha administración local, coma o meu concello e o resto de concellos desta provincia, está regulado por lei, hai que cumprir a regra de gasto, etc., etc., e non se pode gastar todo o remanente xunto, de feito penso que xa houbo varios modificativos de crédito ao longo desta lexislatura, e que ían financiados cos remanentes, sobre todo despois de que o Ministerio de Facenda o ano pasado levantase esa prohibición que, por certo, non está prorrogada neste ano, por desgraza, para a utilización deses fondos.

Claro, que para alguén que non saiba como vai este tema, ou para un veciño da rúa, o seu discurso é moi fácil, porque entra moi ben, porque non ten porque coñecer toda a lexislación que limita e que regula o uso deses fondos. Así que imos ser un pouco máis serios e responsables, porque penso que esta institución o merece. Máis nada e moitas grazas.

Sr. Requeira Varela

Por alusións, claro. Evidentemente, aquí falouse de datos tramposos, e vou dicir cál é o dato tramposo, pedín as cifras exactas dos plans na etapa de xestión do goberno do Partido Popular e nesta etapa. Os datos tramposos son estes, Sr. Hernández, totalidade de plans na etapa de goberno da presidencia de don Diego Calvo, 163.799.862,83 euros; actual etapa, novo plan, Plan único, 360.615.656,17, estes son os datos, sen trampa e sen cartón. E eu póñolle un reto, dígame vostede o concello que queira da provincia, e eu voulle dicir o ano que vostede queira de plans do Partido Popular e o ano que vostede queira do POS+ da actual Corporación, e miramos a diferenza, e verá vostede aí que non hai trampa nin cartón e que duplican case todos o que reciben con esta Corporación, e coa anterior Corporación do PP, fíxese vostede, estou por dicir unha cousa que seguramente ninguén me vai dar a razón en público. Calquera alcalde ou alcaldesa do Partido Popular recibe máis diñeiro cunha Corporación, neste caso BNG-PSOE, que cunha Corporación do propio Partido Popular, fíxese vostede.

Pero voulle dicir algo máis, unha cuestión técnica, que eu ben sei que vostede o di, aínda que non o pensa. Fala vostede do grao de execución do orzamento da Deputación da Coruña. O grao de execución do orzamento da Deputación da Coruña está totalmente lastrado, porque facemos un esforzo moi grande en transferir enormes cantidades de créditos aos concellos, que non todos son capaces de executar no ano orzamentario en vigor e, polo tanto, iso lástranos como administración pública.

E vostede despois relatou aquí unha serie de carencias que son competencias doutras administracións, que eu poderíalle dicir a vostede, onde está a Xunta no tema das cancelas?, onde está a Xunta no tema das emerxencias de Galicia?, onde está a Xunta en tantas e tantas cousas que acaban chegando a este Pleno e que son competencia desa administración pública. Porque eu recórdolle que a Xunta ten miles de millóns de euros para xestionar e nós temos 181, e dígolle que, estará por ver, pero eu creo que o estudo que se está por facer é da carga de traballo das empresas da provincia da Coruña en relación coa transferencia de créditos desta administración pública e da administración pública da Xunta de Galicia, porque ao mellor levamos unha sorpresa, porque todas as empresas que están traballando no ámbito provincial a maioría están traballando en obras e en servizos que os concellos contratan con créditos desta administración pública.

E logo, xa para rematar, non só é Plan, porque esta administración fai unha labor inxente á hora de fomento e dinamización da provincia, unha labor inxente. Eu estou por dudar que haxa algún evento no ámbito da provincia que non teña a colaboración desta administración pública. Polo tanto, eu creo que temos razóns de sobra para estar orgullosos e eu creo que esta Administración sempre foi un bo expoñente do que se debe facer cos concellos, tanto agora coma antes, pero claro, cuantitativamente, a realidade actual non ten nada que ver coa realidade anterior, e eu creo que iso é obra dun novo instrumento, que é un instrumento que deberían de copiar outras administracións, como a propia Xunta de Galicia.

E dígolle máis, e xa para rematar, cando se fala de cancelas e doutras cousas que non son competencia municipal, e non se fala do POS+, que a miña intervención ía simplemente ao POS+, e que o Plan ten afortunadamente grandes evidencias para seguir funcionando no futuro, porque eu creo que os alcaldes e alcaldesas desta provincia están moi satisfeitos con el, porque funciona ben, porque é útil e porque avanza en algo que nós sempre defendemos, e que defenderemos no futuro, que é a autonomía local.

Mire vostede, falaba vostede dos desfibriladores, e dos centros deportivos e da ausencia de desfibriladores e de que haxa un plan de desfibriladores, cos diñeiros que se lle destinan aos concellos a través do POS+, os concellos poden comprar eses desfibriladores. Os meus datos, hoxe en día, preguntareille despois á xefa de servizo, é que ningún concello pediu a través do plan un desfibrilador. O plan permite que os concellos se responsabilicen dos seus investimentos prioritarios, das súas urxencias, non vaia ser que esteamos falando de cousas que os concellos, como administracións públicas maiores de idade, non entenden urxentes, ou xa as teñen por outra vía, que tamén pode ser.

En todo caso, a miña intervención, e xa para rematar, era simplemente para dicir que estabamos diante dunha boa nova para a provincia porque estamos incorporando, nada máis e nada menos que trinta millóns de euros, que van poder gastar os concellos en investimentos financeiramente sostibles, cada un no que considere necesario, evidentemente.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Brevemente, a súa intervención era para informarnos de que ían inxectar trinta millóns de euros máis no Plan único 2019 e a miña era para dicirlle que aínda estamos por baixo da dotación do ano pasado, e que se vostedes pechan un exercicio con máis de oitenta millóns de remanente, iso significa que hai un mal funcionamento, e significa que podería, supoño, dedicar parte dese remanente a incrementar máis o Plan único para os concellos, tan sinxelo coma iso, é dicir, nós non dicimos nada máis ca iso. E, por certo, no tema das cancelas, ou no tema das emerxencias, onde está a Xunta de Galicia?, a Xunta de Galicia deberá de estar onde ten que estar, colaborando, onde está coa Deputación de Lugo, coa de Ourense, que creo que si que foron quen de artellar un réxime de colaboración coa administración autonómica para xestionar eses ámbitos, e no ámbito das emerxencias o que dixen e repito, e que houbo moitos anuncios, moitas reunións, pero o problema segue enriba da mesa, e creo que podería ser resolto se houbera unha actuación máis activa por parte desta Corporación. Polo tanto, ratifícome no afirmado e, por desgraza, tamén no tema das vías provinciais, é así. Moitas grazas.

ACORDO

O Pleno, por unanimidade acorda:

"1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 1/2019 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente orzamento xeral por un importe 83.325.998,13 euros e que ofrece o seguinte resumo:

A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios: 9.056.971,91

SC. Suplementos de crédito: 74.269.026,22

Total aumentos: 83.325.998,13

A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de Tesourería: 82.617.748,13

Baixas por anulación: 708.250,00

Total financiamento: 83.325.998,13

B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal		
2. Gastos correntes	5.642.546,97	708.250,00
3. Gastos financeiros		
4. Trans. Correntes	6.610.580,95	
5. Fondo continx. e o.		

B.2 Resumo por capítulos do Estado de Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	

i.				
6. Investimentos reais	12.176.316,48		6. Alleamento investimentos reais	
7. Trans. de capital	53.996.683,55		7. Transferencias de capital	
8. Activos financeiros	4.899.870,18		8. Act. Finan. (Reman. Tesourería)	82.617.748,13
9. Pasivos financeiros			9. Pasivos financeiros	
TOTAL:	83.325.998,13	708.250,00	TOTAL:	82.617.748,13

2.- Condicionar a autorización de gastos por importe dos 30.000.000,00 euros, suplementados para o "*POS+ Adicional 1/2019*" na aplicación orzamentaria 0430/4592/76201, á acreditación das seguintes circunstancias:

PRIMEIRA: Que se autorice a aplicación para o exercicio 2019 da excepción prevista na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira na redacción dada a este precepto pola Lei orgánica 2/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, nos termos que dispoña a Lei de orzamentos xerais do estado para o ano 2019 ou a norma legal oportuna.

SEGUNDA: Que se leve a cabo a adecuación orzamentaria necesaria para atender as propostas dos concellos de participar no POS+ Adicional 1/2019 a través de "Investimentos financeiramente sustentables", de acordo coa definición contida na disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción dada a este precepto pola disposición final primeira do Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro (BOE núm. 46, do 22 de febreiro).

TERCEIRA: Que a aplicación dos créditos definitivos sexa compatible co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra do gasto pola deputación.

3.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularan reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

5.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

6.- Se as obrigacións efectivamente recoñecidas ao finalizar o exercicio 2019 exceden do límite establecido na regra de gasto deberán levarse a cabo as actuacións descritas nos artigos 21 a 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, nos prazos, condicións e polo procedemento establecido neles. Coidamos que tendo en conta a resposta do Ministerio de Facenda e Función Pública a unha consulta sobre un posible incumprimento desta regra posta de manifesto nunha avaliación trimestral e o sinalado na páxina 1 do manual da aplicación PEFEL2 para a elaboración e remisión do plan económico financeiro publicada por ese Ministerio neste mes, non haberá que adoptar medidas correctoras xa que o incumprimento ven explicado pola utilización de remanente de tesourería para financiar as incorporacións de remanentes de crédito e outras modificacións orzamentarias que non teñen carácter estrutural nin se teñen que reproducir no futuro.

7.- Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente."

33.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 6729 DO 19/02/2019 POLA QUE SE NOMEA A COMISIÓN DE CONTROL INTERNO CO FIN DE REALIZAR A COMPROBACIÓN DÁS OPERACIÓNS DE RECADACIÓN LEVADAS A CABO POLO SERVIZO DE RECADACIÓN E POLAS OFICINAS DE ZONA NOS EXERCICIOS 2017 E 2018.

O Pleno toma coñecemento da Resolución da Presidencia número 6729 do 19 de febreiro de 2019 pola que se designa á comisión de control das zonas recadatorias.

34.-DACIÓN DE CONTA DOS RESULTADOS DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO SOBRE AS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2014.

O Pleno toma coñecemento do informe da Intervención Xeral dos resultados do plan de control financeiro sobre as subvencións pagadas no exercicio 2014, así como das actuacións realizadas en virtude de denuncia pública e outros controis financeiros especiais.

35.-DACIÓN DE CONTA DO PLAN PARCIAL DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2019, REFERIDO ÁS SUBVENCÍONS PAGADAS NO EXERCICIO 2015.

O Pleno toma coñecemento do plan parcial de control financeiro da Deputación para o exercicio 2019, referido ás subvencións pagadas no exercicio 2015.

36.-DACIÓN DE CONTA DA ACTA DA COMISIÓN LIQUIDADORA DOS ESTADOS CONTABLES PROCEDENTES DA RECADACIÓN DO EXERCICIO 2016 (RP NÚM. 14588/2017, DO 8 DE MAIO), REALIZADA NO EXERCICIO 2017.

O Pleno toma coñecemento do contido da acta da comisión conxunta Intervención-Recadación sobre as actuacións de investigación dos valores de xestión de cobro nas zonas recadatorias correspondentes ao exercicio 2016.

37.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 1213 DO 15/01/2019, DE CESAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL E DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 1214 DO 15/01/2019, DE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL.

O Pleno toma coñecemento das seguintes Resolucións da Presidencia: Número 1213 do 15 de xaneiro de 2019 sobre cesamento de persoal eventual e número 1214 do 15 de xaneiro de 2019, de nomeamento de persoal eventual.

**ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS**

Sr. Presidente

Hai dúas mocións, unha do Grupo Provincial Popular a favor da igualdade, e outra moción presentada inicialmente polo BNG-Asembleas Abertas e PSdG-PSOE, outra presentada por Compostela Aberta e Marea Atlántica. En principio vaise renunciar a estas dúas mocións, e fusionarse noutra fóra da orde do día.

Polo tanto, se queredes que debatamos o asunto conxunto, imos primeiramente a votar a inclusión da declaración de urxencia da moción que sería conxunta de BNG-Asembleas Abertas, PSdG-PSOE, Compostela Aberta e Marea Atlántica.

Procédese a votar a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, vou tentar ser breve porque sinceramente, a verdade é que creo que non debería ser necesario ningún tipo de debate respecto da celebración do día 8 de marzo. Nese sentido gustaríame simplemente facer unha pequena reflexión respecto da nosa moción, e logo despois tamén deixar claro o posicionamento do Grupo Provincial Popular ao respecto da moción presentada polo resto dos Grupos. Nós o que pretendíamos é, con motivo do 8 de marzo, establecer unha serie de compromisos por parte da Deputación, na liña de instar ao Goberno do Estado e

tamén á Xunta de Galicia, en relación con diversas cuestións que consideramos que son necesarias, importantes e inaprazables.

Nese sentido, o acordo proposto polo Grupo Provincial Popular o que pedía é, en primeiro lugar, a aprobación da Lei de igualdade salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres no ano 2019; a aprobación da Lei de conciliación e corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria, e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida persoal e familiar neste ano 2019, e a aplicación e cumprimento de todas as medidas incluídas no pacto do Estado contra a violencia de xénero, cuxa competencia sexa estatal, e con especial consideración aos ámbitos lexislativos aprobados e recollidos nese pacto. Cremos que o pacto de Estado contra a violencia de xénero foi un paso imprescindible para avanzar na eliminación desa lacra da nosa sociedade. Nese sentido tamén a nosa moción pretende instar á Xunta de Galicia a fomentar, en colaboración coas entidades locais, dunha banda medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade, nos que se incorporen a perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións, doutra impulsar os bancos de tempo coa finalidade de facilitarlles ás persoas, especialmente a aquelas que residen nun concello rural, a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos ou coñecementos entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

Segundo, continuar a desenvolver por parte da Xunta de Galicia programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero, coas entidades da iniciativa social, e estender estes programas ás empresas e ás entidades locais neste ano 2019. E, por último, dar cumprimento e aplicar todas as medidas incluídas no pacto de Estado contra a violencia de xénero que afectan ao seu ámbito competencial.

Iso é o texto e os acordos concretos que nós trasladamos hoxe a este Pleno para a súa consideración, e agardo que aprobación, porque creo que ninguén pode cuestionar que son obxectivos absolutamente lóxicos, razoables e desexables.

En segundo lugar, a min gustárame deixar claro o posicionamento do noso grupo ao respecto do alcance do contido da moción do resto dos grupos. En primeiro lugar deixar clara a nosa adhesión á causa da igualdade, centrada no papel da muller, que se reivindica con carácter internacional o día 8 de marzo e, por tanto, sumarnos a todas as voces que claman por un futuro sen discriminación por razón de xénero, de homes e mulleres, e pedir que exista e loitar para que exista unha sociedade en igualdade de dereitos e de responsabilidades. En segundo lugar, o noso Grupo tamén avala todas as manifestacións que se convoquen e que teñan lugar o día 8 de marzo, co fin de continuar avanzando na implantación dunha igualdade de oportunidades real e efectiva.

En terceiro lugar, nós tamén estamos de acordo en articular na política práctica medidas con dotación económica suficiente que axuden e colaboren para erradicar actitudes e comportamentos sexistas, discriminatorios en calquera ámbito da xestión política, xa sexa local, autonómica ou nacional.

E en cuarto lugar, nós tamén estamos de acordo e cremos que as administracións, todas elas, deben favorecer a participación de todas aquelas persoas que consideren facer uso do seu dereito a manifestarse, tamén ao seu dereito á celebración de folgas, concentracións e actividades e actos que se convoquen con motivo do día 8 de marzo. E, por último, cremos que sería importante tamén que constara que esta Deputación se adhire á declaración institucional do Día Internacional da Muller, que foi aprobada pola Federación Española de Municipios e Provincias o pasado día 26 de febreiro.

Ese é o noso posicionamento ao respecto da moción presentada polo resto dos Grupos. Moitas grazas e máis nada.

Sra. Franco Pouso

Moi bos días a todos e a todas. Primeiro dicir que imos ser breves.

O inicio da intervención de don Agustín xa o di todo, falamos de mulleres, imos ser breves, por favor. Imos ser breves, tan breves como as cantidades do pacto do Estado aos concellos, nalgún caso 900 euros. Vostede falaba hai un anaquiño de que aínda non rebordáramos o Plan único, e eu preguntaría-lles que esperan dun pacto de Estado que algún a concello de esta provincia para traballar en igualdade lle dá 900,14 euros.

Está claro que o da igualdade para algúns é un bo día de verán, está claro para o día 8 de marzo haberá moitos lazos nas lapelas, máis cando vostedes gobernan, e gobernan por desgraza habitualmente, os actos non acompañan as verbas. É moi fácil escribir nunha folla todo o que se nos ocorra, máis a cara da pobreza deste país, do Estado español e desta provincia, é unha cara de muller, pobreza é igual a cara de muller. Nós, as mulleres, as trabes dos cumes das familias deste país, moitas delas seguen sen ter unha pensión digna. Nós, as mulleres, as que chegamos a casa e temos outros tantos traballos por diante, seguimos tendo unha fenda salarial que vergoña lle tiña que dar aos políticos. Nós somos as coidadoras, cando moitas veces teríamos que ser coidadas. Nós, aquelas de "oe nena, ti estudas ou traballas?" somos as que teoricamente nin estudabamos nin traballabamos, pois nós somos a vida desta terra.

Por certo, se queren, tanto falar de igualdade, témolo moi fácil, aumenten vostedes os orzamentos, empecen por aumentalos na Xunta de Galicia, empecen por, por exemplo, unha área laboral que practicamente está copada por mulleres, como é a axuda no fogar e dependencia, deixen de pagar nove euros, e empecen a meter aí man. Deixen vostedes de segregar o ensino e apoiar economicamente con cartos os colexios que teñen nenos por un lado e nenas polo outro. Deixen vostedes de dicirnos ás mulleres que é un embarazo, recriminen vostedes a compañeiros que tiveron no Goberno do Estado Español, cando atacaban e ían para cargarse a Lei do aborto deste país, ou xa non esquecemos do Sr. Gallardón? Dean exemplo, porque mire, falar de feminismo un día ao ano é tirado, iso a calquera neno llo escribes nunha folla e despois de catro réplicas é como o catecismo.

Por certo, tamén aproveito, como todo isto non se muda se non é desde o ensino, saquen vostedes a relixión que volveron meter no ensino que, por certo, xa

saben, aínda non podemos exercer de curas, por moita fe que teñamos, boten vostedes a relixión fóra do ensino e ampáren que se ensine igualdade, por exemplo.

Como os feitos non acompañan as verbas, nós imos limitarnos a abstermos, pero se cren vostedes que o mundo se muda con poñerse un día de faralaes, non é certo. E, por certo, teñan polo menos cando saen o día 8 a decencia de non levar a un señoríño diante, e todo o coro arredor, xa que é o día das mulleres, que creo que ademais o único que diferenza a súa moción dalgún xeito da nosa, é que vostedes non queren unha folga, vostedes se tal, unha mani, e xa estamos superando os toques, folga non. Pois mire, todos eses centos de mulleres que nin estudan, nin traballan, temos dereito por un día a vernos reflectidas, porque nos partimos moito o lombo para que as nosas fillas non teñan que comerse os marróns que xa nos comemos nós. Polo tanto, claro que si, claro que imos apoiar a folga, pero deberíana de apoiar todos e cada un dos grupos, porque non hai nada peor que estar ofendendo con estas actitudes a quen nos trouxo ao mundo, por non dicir xa nada máis, á que nos trouxo ao mundo. Pechen os ollos un minutíño e recorden como tiveron que vivir as súas nais, e pensen agora, se viviran nos tempos de hoxe, se terían un salario digno e se terían pensión ou non, porque, por certo, tamén lle recordo, que ademais de sermos a cara da pobreza, somos as que máis duramos, nunha poboación avellentada, onde ademais de enchernos de engurras, teremos que coller un saco e irnos ao monte, porque ata nin algunhas teñen acceso a ter cotizado para unha pensión digna, e xa non falemos de salarios e de que tipo de emprego. Xa que lle queren tanto ás mulleres, acordáranse cando fixeron a Lei de traballo en Madrid, esas cousiñas fixéronas vostedes, a reforma laboral, entón, menos adorno e máis desbrouzar, imos desbrouzando todos un pouco, e nós imos abstermos, pero por respecto á folga, non por respecto aos seus actos, que non a acompañan para nada. Grazas.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. presidente, bos días a todos e a todas. O primeiro que quero é agradecer en nome de Compostela Aberta, pero tamén de Marea Atlántica e de Alternativa dos Veciños, que finalmente fora posible facer unha moción unificada coa proposta que facía o goberno, que aceptara dalgunha maneira a exposición de motivos que nós presentamos, da mesma maneira que nós aceptamos a parte resolutiva propiciada polo goberno.

Eu quería facer unha intervención simplemente centrándome no tema que a min paréceme que é a clave que explica que non houbera un acordo que é, dicíao moi ben Ánxela hai un momento, o tema da folga, e eu creo que a folga, como a liberdade de expresión, como a liberdade de reunión, como a liberdade de manifestación, é un dereito democrático. Non estamos apoiando a insurrección, nin a rebelión, nin sequera o amotinamento feminino, só un dereito democrático que as mulleres teñen para facer visibles e efectivas reivindicacións xustas coas que interpelean a toda a sociedade, a mulleres e tamén a homes.

Eu creo que tentamos un acordo en comisión, o Grupo de goberno propuxo un texto que coincidía nada menos que en oito parágrafos coa iniciativa inicial do Partido Popular, e aínda así non foi posible. O Partido Popular non quere oír falar de folga, pensa que unha administración pública como unha Deputación non pode apoiar que un colectivo, neste caso máis da metade da poboación vaia a unha folga, no fondo o

Partido Popular está en contra do movemento feminista, polo menos do que coñecemos nós como movemento feminista, que xa sabemos que ten moi pouco que ver coas ideas de Isabel Díaz Ayuso, por poñer un exemplo, ou de Pablo Casado, ou de Vox, con esas ideas sinceramente nós temos moi pouco que ver.

Se paramos nós, para o mundo, ese o slogan que define as reivindicación do 8 de marzo, e a folga das mulleres, se as mulleres deixan un só día de traballar, de exercer coidados, de consumir, efectivamente, párase o mundo, esa é a auténtica realidade, por iso só se hai folga os homes seremos conscientes da sobrecarga que levan as mulleres no seu día a día. E vendo como están as cousas, con partidos que negan a violencia de xénero, con asociacións que negan a desigualdade, con intentos de pasos atrás nos dereitos xa conseguidos con tanto esforzo, parece máis que necesario que a sociedade en xeral, e os homes en particular, tomemos conciencia da situación das mulleres. A realidade dinos que son as mulleres quen sofren a fenda salarial, o teito de cristal, a carga extra nos coidados, a violencia de xénero, por iso o 8 de marzo non é unha reivindicación máis, é un berro ás veces desesperado dunha parte da sociedade pedindo igualdade real, unha igualdade que debe de ser efectiva o antes posible, e as administracións públicas, a Deputación, temos a obriga de apoiar estas reivindicacións e poñer os medios, na medida do posible, que sexan necesarios para conseguila. En consecuencia, nós particularmente, Compostela Aberta, imos votar en contra da postura do Partido Popular e, por suposto, a favor da proposta unificada.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día. Se ben hai cuestións e parte dos acordos desta moción que podemos compartir e subscribir ao cen por cento, si que botamos en falta algún outro, sobre todo o referido ao tema da folga. Xustificando ademais en que cremos que a situación actual, xa non só a actual, senón nos últimos anos, pero tamén a actual con máis medidas se cabe, faise necesario e xustifica esa petición de apoio á folga de todas as mulleres.

Nun tempo no que estamos a escoitar discursos que nos retrotraen a outras épocas felizmente pasadas, e nos que se están abrindo debates ademais sobre cuestións que están plenamente normalizadas desde o punto de vista social e que non ten ningún sentido sacar a colación agora, nun tempo no que ademais hai determinadas propostas políticas dalgúns grupos emerxentes que van totalmente en contra do que son as políticas de igualdade, non direi das mulleres, pero polo menos das políticas de igualdade, que ao final son as que repercuten dunha forma positiva, entendemos, nas mulleres e nese fomento da igualdade, consideramos que iso xustifica máis que de sobras o feito dese chamamento á folga para todas as mulleres. Si que é certo que, repito, hai cuestións desta moción que podíamos compartir e que son coincidentes cos acordos da moción presentada conxuntamente co resto dos grupos, pero si que é certo que non quixera deixar pasar esta ocasión para poñer de manifesto o que entendo que é unha contradición, unha contradición entre a exposición de motivos desta moción e os seus acordos, e despois co dito por representantes do Partido Popular, e non estou a falar, dun alcalde, dun concelleiro, dun militante de base, estou a falar do presidente do Partido Popular, do Sr. Casado. Está moi ben que presentemos esta moción pero é incompatible con dicir algunha das cousas que se foron dicindo ao longo das últimas semanas, ou por exemplo presentar

ás mulleres como unha especie de maquinaria dedicada única e exclusivamente a aumentar a natalidade, ou de poñer en cuestión a Lei do aborto, que é unha cuestión que está máis que asumida, como dixeran antes, socialmente, vendendo agora como unha gran lei a anterior, á que por certo o Partido Popular, naquel momento era Alianza Popular, tamén se opuxo, é dicir, que o dito co escrito, non coincide.

E sobre todo cando temos que ver que os mesmos que se van manifestar, é dicir, vostedes seguramente acudirán, o seu Partido e o seu Presidente, acudirán a algunha manifestación do 8 de marzo, e hai uns días manifestábase con aqueles que din auténticas barbaridades como derrogar a Lei de igualdade de xénero, como acabar cos organismos feministas, como evitar que o aborto poida ser realizado de forma gratuíta na Seguridade Social, como non ás listas paritarias, é dicir, unha serie de auténticas barbaridades que van e que confrontan directamente coas políticas de igualdade desenvolvidas ao longo dos últimos anos, con eses mesmos se manifestaban hai dúas semanas, e agora van a unha manifestación coas mulleres, e mañá irán con calquera outro, e claro, iso resta moita credibilidade, porque sobre todo están cogobernando con eses señores nunha comunidade autónoma, e ademais non teñen ningún problema en dicilo, e están dispostos a cogobernar con eles no Goberno do Estado, e iso, Sr. Hernández, é incompatible co fondo e coa forma desta moción. Non se pode dicir unha cousa e a contraria, e ademais, o que un di, ten que apoiálo cos feitos. E cando presentan a uns coma o demo, pouco máis, e resulta que a outros os branqueamos e despois presentamos unha moción de apoio á muller e imos ir a manifestación, cando lle estamos dando osíxeno e estamos pedindo, ou estamos admitindo, que entre nas institucións, da nosa man, aqueles que van contra as políticas de igualdade, e digo, por non dicir contra as mulleres, pero ímolo deixar contra as políticas de igualdade.

Nada máis, moitas grazas, nós neste punto ímonos abster.

VOTACIÓN

Votan a favor: 11 deputados (PP)

Votan en contra: 1 deputado (Compostela Aberta)

Abstéñense: 13 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños)

Aínda que o voto do Sr. Muíño Espasandín figure a favor na votación electrónica, o Sr. Presidente declara dacordo coa intención do interesado, que o Sr. Muíño Espasandín se abstivo.

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, o voto en contra de Compostela Aberta e a abstención do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR A FAVOR DA IGUALDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A incorporación das mulleres ao mercado laboral, a permanencia no emprego e as súas condicións de traballo aínda están lonxe de producirse en condicións de igualdade.

As estatísticas seguen a revelar unha realidade desigual nas retribucións salariais, na promoción profesional, no acceso a sectores e ámbitos aínda fortemente masculinizados, así como tamén na presenza nas esferas de decisión. E a este escenario contribúe, certamente, a persistencia dos estereotipos de xénero; de aí que sexa preciso traballar en favor dun cambio cultural e de valores que modifique as actitudes e os roles que sustentan a desigualdade de xénero.

Un dos grandes retos para os vindeiros anos é a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e familiar. A desigual repartición das responsabilidades familiares e das tarefas do fogar constitúe un dos principais obstáculos para que a participación, a permanencia e a promoción das mulleres na esfera laboral se produza de forma plena.

A conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto por homes coma por mulleres e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións.

As empresas introducen de xeito voluntario no seu ordenamento interno cada vez en maior medida plans de igualdade con apartados específicos dedicados ás medidas de conciliación.

As medidas tanto de conciliación como de racionalización horaria teñen sen dúbida efectos moi positivos sobre a calidade do emprego e o benestar social. Está demostrado que as políticas de igualdade e nomeadamente as medidas de conciliación poden ser un importante alento ás políticas demográficas: sen conciliación e corresponsabilidade non hai posibilidades de desenvolver políticas demográficas sustentables e realistas.

Ademais, é fundamental seguir apoiando o liderado feminino e a presenza das mulleres en todas as esferas da sociedade, incluíndo os postos de decisión e influencia, á vez que cómpre seguir traballando para derrubar os obstáculos que dificultan a incorporación en condicións de igualdade e a promoción profesional das mulleres en ámbitos como o da ciencia, a cultura ou o mundo do deporte.

Por último, non se pode esquecer que a manifestación máis cruel e inhumana da desigualdade existente entre mulleres e homes no mundo é a violencia de xénero. A eliminación da violencia contra as mulleres é un reto de toda a sociedade, unha tarefa conxunta que require unha actuación unitaria e a máxima coordinación, colaboración e cooperación.

A execrable lacra que representan todas as formas de violencia contra as mulleres teñen que centrar todos os esforzos das distintas administracións. Así o esixe a

sociedade no seu conxunto xa que, nesta materia, só se conseguen avances se hai un compromiso integral desde todos os ámbitos, para seguir impulsando na axenda como un asunto prioritario, a loita contra todas as formas de violencia cara ás mulleres.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular, solicita ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

A Deputación Provincial de A Coruña, insta ao Goberno do Estado á:

1. Aprobación da Lei de Igualdade Salarial para rematar coa fenda salarial de xénero entre homes e mulleres, neste ano 2019
2. Aprobación da Lei de Conciliación e corresponsabilidade onde se teña en conta a racionalización horaria e favoreza a compatibilidade do traballo coa vida personal e familiar, neste ano 2019
3. Aplicación e cumprimento de todas as medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero cuxa competencia sexa estatal e, con especial consideración aos cambios legislativos aprobados e recollidos no Pacto.

A Deputación Provincial de A Coruña, insta á Xunta de Galicia a:

1. Fomentar, en colaboración coas entidades locais, dunha banda medidas e programas de conciliación e corresponsabilidade nos que se incorporen a perspectiva de xénero para fomentar a igualdade entre mulleres e homes nos nenos e nenas participantes nestas actuacións. Doutra, impulsar os bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas, especialmente aquelas que residan nun concello rural, a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.
2. Continuar a desenvolver programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero coas entidades de iniciativa social e extender estes programas ás empresas e as entidades locais de Galicia neste 2019.
3. Dar cumprimento e aplicar todas aquelas medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que afecten ao seu ámbito competencial. "

Seguidamente, procédese a votar a moción dos Grupos BNG-Asembleas Abertas, PsdG-PSOE, Compostela Aberta e Marea Atlántica:

VOTACIÓN

Votan a favor: 14 deputados (7 do PSOE, 5 do BNG, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 11 deputados (PP)

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, aproba a seguinte moción:

"MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DO PSdG-PSOE, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, COMPOSTELA ABERTA E MAREA ATLÁNTICA SOBRE O 8 DE MARZO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 8 de marzo do 2018 centos de miles de mulleres, millóns en todo o mundo saíron a rúa a berrar que as desigualdades entre as mulleres e os homes tiñan que desaparecer, que non pode seguir existindo un sistema que manteña os privilexios dos homes a costa dos dereitos e da liberdade das mulleres.

Un ano despois a realidade amósanos que a situación non mudou. É certo que hai unha toma de conciencia maior, pero tamén hai unha reacción da parte da sociedade máis machista como estamos a ver coa aparición de partidos políticos que negan a existencia da violencia de xénero e que queren quitar dereitos xa conquistados ás mulleres.

O mundo laboral, o familiar, e incluso o de consumo e ocio, son espazos en que as mulleres non poden exercer as súas vidas en pe de igualdade.

A persistencia dos estereotipos de xénero é recorrente en moitos ámbitos laborais, pero tamén no educativo. Os datos amosan que as diferenzas comezan xa a partires dos 6 anos, idade en que as nenas toman consciencia da súa posición de “segunda” en relación aos seus compañeiros nenos. É aí onde debemos focalizar os esforzos, na educación, sen un sistema que eduque en igualdade ás crianzas de hoxe, non teremos un futuro en igualdade.

A fenda salarial en Galicia é do 23%, pois mentres o salario medio anual dos homes estímase en 20.243 euros o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que hai que engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e discontinuo son maioritariamente femininos. A poboación de mulleres asalariadas con contrato temporal vén aumentado desde o ano 2014 os datos oficiais da EPA indican que chega case ao 30% o que repercute na baixa cotización, soldo, prestación do paro e das pensións. A isto temos que engadir que o 68,9% da poboación sub empregada na provincia da Coruña eran mulleres e maioritariamente no sector servizos fortemente feminizado. Na provincia da Coruña 3 de cada 4 persoas con contrato temporal son mulleres.

Esta fenda salarial está tamén moi relacionada co difícil acceso que teñen as mulleres para chegar aos espazos de toma de decisións no ámbito laboral. O teito de cristal é demasiado a miúdo algo imposible de crebar para as mulleres, ás que non se lles permite ocupar estes centros de poder non por falta de formación ou mérito, se non polo feito de ser mulleres.

Non podemos deixar de mencionar algo tan importante como o ámbito familiar, o dos coidados. As mulleres dedican aos coidados, á vida familiar unha media de dúas horas máis ca os homes. Esta realidade complica e moito a conciliación da vida familiar coa laboral. Se non hai políticas públicas de conciliación reais, se as empresas non se implican na mellora das condicións laborais, o único que podemos afirmar é que as mulleres levan unha dobre xornada, a laboral fora do fogar e a do fogar.

Agora que vimos de coñecer os datos demográficos de Galicia, onde morren máis persoas das que nacen desde 1986, non podemos miralos sen ter en conta estas cuestións, que nos din que se as mulleres queren ascender na súa profesión é moi difícil que teñan crianzas porque a conciliación é moi difícil ou imposible pola falta de corresponsabilidade nos coidados.

Por todo isto, un ano máis, ante o teito de cristal e a temporalidade, ante a precariedade laboral e a feminización da pobreza, este 8 de marzo reivindicase a incorporación de pleno dereito das mulleres ao traballo de calidade, conseguindo unha significativa mellora da posición das mulleres no ámbito laboral, permitindo desenvolver proxectos vitais dignos e autónomos.

Por outra parte é preciso falar de consumo porque nin neste ámbito existe unha igualdade real. O consumo é outra das ferramentas do capitalismo: asóciase a un modelo estético baseado no sufrimento dos corpos das mulleres; corpos que non poden seguir sendo mercadorías nin obxectos, nin reclamamos en mans dos mercados globais

E por último non podemos esquecer o que supón a violencia de xénero, mostra da expresión extrema da desigualdade que sofren as mulleres. O ano pasado a chamada “sentencia da manada” foi un dos motivos que chamou ás mobilizacións, este ano desgraciadamente vimos de ver como se ratificaban estas sentenzas e outras de similar contido, unha mostra máis de que o machismo e o patriarcado é transversal en toda a sociedade e que polo tanto esixe unha resposta máis contundente.

ACORDOS

1. Apoiar activamente a Folga Feminista do vindeiro 8 de marzo.
2. Facilitar os medios dispoñíbeis desde a Deputación para a realización e difusión de todos os eventos, manifestacións, reivindicacións e actos convocados polas asociacións e colectivos de mulleres co mesmo obxectivo que a folga, convidando ao conxunto da sociedade a apoiar e unirse ás mobilizacións convocadas
3. Iluminar a fachada da Deputación como acto simbólico de apoio á Folga e de recoñecemento das reivindicacións expostas.
4. Adoptar as medidas necesarias para garantir o exercicio do dereito de folga por parte de todas as traballadoras da Deputación que desexen sumarse á reivindicación.
5. - A Deputación da Coruña comprométese a aprobar en breve un Regulamento de Transversalidade de Xénero co obxectivo fundamental de acadar que a perspectiva de xénero se teña en conta na elaboración de todos os programas e plans aprobados pola institución, partindo dos datos da diagnose de

igualdade que se veu facendo nestes meses e das medidas concretas que este traballo recolle.

6. - A Deputación da Coruña elaborará un Plan de Formación específico no relativo á igualdade de xénero dirixido ao persoal e orientado a incrementar a súa implicación e capacidades nos diferentes niveis da administración."

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. presidente. Lamento ser tan pesado, persistente sería mellor. Cando ten previsto iniciar os traballos para abordar o prometido Plan de grandes cidades?

Sr. Calvelo Martínez

É para transmitir un rogo, unha pregunta. Hai unha situación sobre todo de bastante incerteza coas parcelas 1 e número 2 do Polígono de Sabón. É unha parcela que saíu a subhasta e creo que está recorrida xuridicamente o tema do adxudicatario. Cal é o problema que se está dando? Que alguén está facendo utilización desa parcela, co cal están almacenando continuamente grava, area, e hai movementos de camións que están provocando e levantando moito po e afectando, sobre todo, aos veciños lindeiros, co cal gustaríanos que nos trasladara a quen nos temos que referir, se é á Deputación, como aínda propietaria da parcela, ou se xa está adxudicada, o propietario ao que se lle adxudicou, porque dáse unha situación de que imos por alí ante as queixas dos veciños, e non sabemos un pouco nese sentido a quen podemos requirir. Só iso.

Sr. Presidente

Aclaramos a situación e comentamos.

E Manolo, a ver se nos dá tempo a facelo no que queda de lexislatura. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e corenta e tres minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.